10) Investigación, innovación e coñecemento	1) Impulsar a investigación en todos os ámbitos relacionados coa saúde mental. 2) Establecer liñas de investigación interdisciplinarias en saúde mental. 3) Incorporar a perspectiva de xénero en todas as liñas de investigación. 4) Desenvolver investigacións sobre os factores socio-familiares das persoas con problemas de saúde mental. 5) Potenciar o uso das tecnoloxías da información no ámbito asistencial de atención á saúde mental en relación coa futura Estratexia de saúde dixital do Sistema Nacional de Saúde.

A estratexia ten moi en conta os efectos na saúde mental da pandemia producida polo covid-19 e a súa aliñación co obxectivo 3 de desenvolvemento sostible da OMS, o da saúde e benestar, e a meta 3.4 (promoción da saúde e o benestar) e a 3.5 (prevención e tratamento do abuso de substancias psicoactivas). O plan indica como accións prioritarias: 1) reforzo dos recursos humanos en saúde mental; 2) optimización da atención integral á saúde mental en todos os ámbitos do SNS; 3) sensibilización e loita contra a estigmatización das persoas con problemas de saúde mental; 4) prevención, detección precoz e atención á conduta suicida; 5) abordaxe de problemas de saúde mental en contextos de maior vulnerabilidade; e 6) prevención de condutas adictivas con e sen substancia. A estratexia detalla como lograr todo o anterior nos anos de vixencia do plan.

2.5. Plan de Acción de Saúde Mental 2025-2027 e Plan de Acción para a Prevención do Suicidio de 2025

En abril de 2005 aprobouse o Plan de Acción de Saúde Mental para os anos 2025-2027 do Ministerio de Sanidade (Comisionado de Saúde Mental, 2025a). Uns meses antes tamén se aprobou o Plan de Acción para a Prevención do Suicidio (Comisionado de Saúde Mental, 2025b). O Plan de Acción de Saúde Mental 2025-2027 ten varios obxectivos e varias liñas estratéxicas e de acción. De modo concreto, os seus obxectivos son:

- Reforzar os recursos humanos en saúde mental reforzando a interdisciplinariedade.
- Orientar o modelo asistencial en saúde mental a un modelo máis comunitario mediante a implementación de accións que potencien alternativas á institucionalización e promovan a prescrición social, ocupacional e cultural ou a recomendación de activos en saúde.

- Protexer os dereitos humanos, a autonomía persoal e a eliminación do estigma asociado aos problemas de saúde mental.

- Garantir o uso adecuado racional de psicofármacos, baseado na evidencia, a calidade do tratamento e a seguridade na prescrición.

- Enfocar a atención nos grupos vulnerables e brindarlles intervencións específicas, presentando especial atención á infancia e a adolescencia e á saúde mental perinatal.

- Mellorar a identificación de datos de valor e información en saúde mental, o seu rexistro, análise e distribución para o desenvolvemento de sistemas de información de calidade.

- Integrar e promover a vixilancia epidemiolóxica en saúde mental.

- Desenvolver un marco teórico e práctico sobre a relación entre o traballo e a saúde mental, así como a súa identificación e rexistro desde os sistemas sanitarios.

Estes obxectivos operativízanse en varias liñas estratéxicas e accións, como se mostran na Táboa 2.8.

Táboa 2.8. Liñas estratéxicas e accións do Plan de Acción de Saúde Mental 2025-27 do Ministerio de Sanidade.

Liña estratéxica	*Accións*
1) Reforzo dos recursos humanos en saúde mental	1.1. Planificar a oferta de Formación Sanitaria Especializada da especialidade de psiquiatría, psiquiatría infantil e da adolescencia, psicoloxía clínica e enfermería especialista en saúde mental, tendo en conta as necesidades consensuadas coas CCAA. 1.2. Impulsar o acceso á formación en psicoterapia de calidade e con recursos eficaces. 1.3. Promover a Regulación da Formación Sanitaria Especializada de Psicoloxía Clínica da Infancia e da Adolescencia. 1.4. Promover o incremento de prazas acreditadas de formación sanitaria especializada de psiquiatría, psiquiatría infantil, psicoloxía clínica e enfermería especialista en saúde mental por parte das CCAA. 1.5. Potenciar o apoio mutuo entre pares e a súa contratación nos dispositivos de saúde mental, así como o seu fomento e coordinación noutros recursos asistenciais comunitarios e/ou en movementos asociativos. 1.6. Avaliar e adecuar as necesidades de recursos humanos en saúde mental, en todos os ámbitos asistenciais.
2) Saúde mental comunitaria e alternativas á institucionalización	2.1. Deseñar un plan de potenciación da saúde mental comunitaria e promoción da vida autónoma. 2.2. Abordar a actualización da carteira común de servizos de saúde mental. 2.3. Promocionar a recomendación de activos para a saúde e recursos comunitarios. 2.4. Empoderar ás persoas con problemas de saúde mental facilitando información accesible sobre os seus dereitos, recursos e servizos para a toma de decisións. 2.5. Establecer mecanismos de coordinación e cooperación con atención primaria, outras especialidades, farmacia comunitaria, educación, servizos sociais, actores do sistema de xustiza en

	materia de saúde mental, institucións penais e forzas e corpos de seguridade, para promover unha abordaxe integral e interdisciplinar da saúde mental baseada en dereitos. 2.6. Reforzar os servizos de atención á saúde mental a nivel comunitario. 2.7. Potenciar alternativas comunitarias, domiciliarias e formas de hospitalización que fomenten a autonomía e prioricen os dereitos das persoas con trastorno mental na atención en crise. 2.8. Desenvolver intervencións que favorezan o acceso e a permanencia na vivenda a persoas con problemas de saúde mental. 2.9. Asegurar respostas rápidas e flexibles ás necesidades de apoio e coidados das persoas e as familias no ámbito comunitario. 2.10. Impulsar a reforma estrutural das urxencias de saúde mental nos hospitais xerais para mellorar a accesibilidade e previr intervencións coercitivas en situación de crise. 2.11. Fomentar a integración orgánica e/ou funcional da rede de adiccións e os servizos de saúde mental. 2.12. Fomentar a aplicación de programas de prevención de adiccións de eficacia demostrada, tanto de tipo universal como selectiva e indicada.
3) Modelo de atención orientado aos dereitos humanos, humanización e loita contra o estigma	3.1. Impulsar alternativas á contención mecánica na atención dos problemas de saúde mental. 3.2. Impulsar un estudo estatal sobre o uso de contencións mecánicas en saúde mental. 3.3. Promover a participación de persoas expertas con experiencia en saúde mental na planificación, implementación e na avaliación das iniciativas de saúde mental. 3.4. Fomentar modelos dirixidos a reducir as intervencións involuntarias sobre as persoas con problemas de saúde mental e persoas con trastorno mental grave e garantir o exercicio dos seus dereitos e liberdades. 3.5. Impulsar a vixilancia das intervencións involuntarias sobre as persoas con problemas de saúde mental. 3.6. Promocionar o respecto dos dereitos humanos e a loita contra a discriminación das persoas con problemas de saúde mental. 3.7. Favorecer a planificación anticipada de decisións na atención sanitaria en saúde mental, especialmente en situacións de crises. 3.8. Establecer mecanismos para previr as intervencións involuntarias nas persoas con trastorno mental. 3.9. Implementar unha figura que facilite o acceso, cumprimento e exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade psicosocial.
4) Optimización do tratamento e calidade na prescrición	4.1. Fomentar campañas de sensibilización accesibles dirixidas á poboación xeral e aos profesionais sanitarios en materia de uso adecuado de psicofármacos e promoción doutras posibilidades terapéuticas dispoñibles, baseándose na evidencia científica. 4.2. Promover unha Guía de Práctica Clínica no uso axeitado de psicofármacos e deprescripción de antidepresivos baseándose na evidencia científica, cando estea indicado. 4.3. Incluír no programa anual de formación continuada das Comunidades Autónomas a temática do Uso axeitado dos

	psicofármacos para profesionais clave. 4.4. Garantir terapias de calidade baseadas na evidencia científica. 4.5. Implementar programas de formación en uso adecuado de psicofármacos e deprescripción en hipnosedantes e antidepresivos, cando estea indicada, en todos os ámbitos asistenciais. 4.6. Promover a información sanitaria protocolizada e o consentimento informado no uso de psicofármacos. 4.7. Deseñar e implementar programas e campañas de uso adecuado de psicofármacos e deprescripción de hipnosedantes e antidepresivos cando sexa indicada e segundo a evidencia científica, en todos os ámbitos asistenciais. 4.8. Fomentar a xestión colaborativa, a investigación biopsicosocial e a innovación terapéutica destinadas a persoas con trastorno mental.
5) Abordaxe de problemas de saúde mental en contextos e colectivos de maior vulnerabilidade	5.1. Impulsar campañas de promoción da saúde e prevención dos problemas de saúde mental en contextos e colectivos de maior vulnerabilidade. 5.2. Formar a profesionais de saúde mental na prevención e detección precoz da violencia de xénero, así como en ferramentas de acompañamento e apoio psicolóxico a mulleres (e fillos/as) vítimas de violencia de xénero. 5.3. Mellorar a accesibilidade aos servizos de atención á saúde mental aos grupos máis vulnerables. 5.4. Desenvolver actuacións preventivas e de promoción da saúde mental en persoas maiores, así como actividades formativas específicas.
6) Saúde mental perinatal, da infancia e da adolescencia	6.1. Desenvolver un grupo de traballo de persoas expertas para identificar accións prioritarias a desenvolver para a promoción, prevención, e mellora da abordaxe da saúde mental na infancia e adolescencia. 6.2. Fortalecer a formación continuada e o apoio aos Equipos de Atención Primaria en materia de saúde mental na infancia e a adolescencia. 6.3. Potenciar a coordinación interdisciplinar, interinstitucional e inter-sectorial para abordar os problemas de saúde mental na infancia e a adolescencia. 6.4. Desenvolver actuacións de sensibilización, preventivas e de promoción da saúde mental perinatal, así como actividades formativas específicas. 6.5. Crear programas especializados de saúde mental perinatal accesibles. 6.6. Potenciar as alternativas á hospitalización infanto-xuvenil na atención da saúde mental.
7) Sistemas de información en saúde mental	7.1. Promover a vixilancia epidemiolóxica en saúde mental. 7.2. Fomentar a actualización dunha listaxe de indicadores de saúde mental. 7.3. Promover o rexistro e os sistemas de información de saúde mental e/ou adiccións a nivel das CCAA.
8) Saúde mental e traballo	8.1. Crear unha guía de identificación e comunicación da sospeita de trastornos mentais derivados ou agravados polo traballo tendo

	en conta ás persoas traballadoras con discapacidade. 8.2. Promover a vixilancia da saúde mental dos e das traballadoras expostas a riscos psicosociais tendo en conta especificamente ás persoas traballadoras con discapacidade. 8.3. Promover e protexer a saúde mental dos traballadores e das traballadoras e identificar os trastornos mentais derivados ou agravados polo traballo desde o sistema sanitario. 8.4. Promover o acceso e o mantemento do traballo de calidade ás persoas con trastorno mental. 8.5. Desenvolver programas específicos para a prevención e apoio en saúde mental para profesionais sanitarios e sociosanitarios: coidar ás persoas coidadoras.

Pola súa banda, o Plan de Acción para a Prevención do Suicidio 2025-2027 (Comisionado de Salud Mental, 2025b) ten como obxectivos os seguintes:

- Mellorar a dispoñibilidade, oportunidade e calidade da información para planificar eficazmente a prevención da conduta suicida.
- Aumentar a conciencia sobre a magnitude do problema e sobre a efectividade das intervencións dispoñibles.
- Enfocar a atención nos grupos en situación de vulnerabilidade e proporcionarlles intervencións específicas.
- Reducir o estigma asociado á conduta suicida.
- Abordar os determinantes sociais da saúde que inflúen no suicidio.
- Fortalecer o liderado e a participación multisectorial.
- Mellorar o acceso a servizos de prevención do suicidio e apoio ás persoas en crise ou en situación de maior risco de conduta suicida.
- Aumentar a capacidade do Sistema Nacional de Saúde para a abordaxe da conduta suicida.
- Promover os factores ambientais, comunitarios e o apoio social para previr o suicidio.
- Fomentar a aplicación de directrices para unha cobertura informativa responsable dos medios de comunicación.
- Proporcionar apoio adecuado aos familiares e achegados de persoas afectadas por suicidio.

A partir destes obxectivos expóñense varias liñas e accións dentro delas: 1) información de calidade; 2) sensibilización; 3) prevención en situacións de vulnerabilidade; 4) prevención en todas as políticas; 5) abordaxe sanitaria; e, 6) enfoque integral.

2.6. Outros informes de saúde mental españois

Debido á pandemia e ao crecente interese pola saúde mental nos últimos anos, asistimos á elaboración de distintos informes sobre saúde mental por parte de distintos organismos e asociacións, independentes da administración. Por cuestións de espazo, a continuación, comentamos brevemente os mesmos.

O estudo da Confederación Saúde Mental España e Mutua Madrileña (2023) sobre a situación da saúde mental en España e a súa relación co benestar, utilizou a metodoloxía de grupos de discusión con persoas con problemas de saúde mental, familiares e profesionais da sanidade, tanto de atención primaria como de saúde mental (psiquiatras e

psicólogos clínicos) e, posteriormente, realizaron un estudo cuantitativo a nivel nacional con 2.000 persoas maiores de 18 anos, realizado entre xullo e agosto de 2022.

No estudo cualitativo destaca a gran incidencia que tivo a pandemia no persoal sanitario, incluíndo a incidencia na súa propia saúde mental, xunto coa sensación de abandono, a sobrecarga de traballo e atrasos acumulados, e o baixo investimento orzamentario tanto en atención primaria como en especializada. Indican que durante a pandemia houbo unha escasa atención ás persoas con problemas de saúde mental debido ás medidas de distanciamento social que impedían que acudisen ás consultas, por iso é polo que, coa volta á normalidade, a gravidade destes casos incrementouse notablemente. A problemática máis frecuente era o dó mal elaborado, a depresión por illamento, soidade e medo no caso das persoas maiores que viven soas. No caso dos adolescentes destacaban os intentos autolíticos, malestar por ausencia de interacción social, medo ao contaxio, ansiedade e rebeldía. Nos mozos, eran os problemas máis frecuentes os trastornos adaptativos ou a ansiedade, dificultades económicas, laborais e de relación familiar ou de parella. Por último, no caso do persoal sanitario, destacaba o estrés agudo nos que estiveron nas situacións máis críticas (ex., os profesionais das UCIS).

Respecto aos resultados do estudo en canto aos familiares das persoas con trastornos mentais, a conclusión foi que esta situación tivo un impacto negativo, destacando o sufrimento, a soidade, o cansazo físico e mental e a preocupación polo futuro. Inciden no problema do acceso aos servizos de saúde mental, sendo o médico de atención primaria o que atende principalmente ás persoas con problemas de saúde mental ou nas urxencias hospitalarias e, en menor grao, nos servizos de saúde mental.

Do estudo cuantitativo, destacan os datos de que un 44,9% dos participantes indica a existencia de preocupación, sinalando que un 10% autoavalían a súa saúde mental como mala ou moi mala na actualidade e o 60,7% que a súa saúde mental é boa ou moi boa. Respecto aos datos de prevalencia, neste estudo sinalan que: 1) o 17,4% tivo algún trastorno mental algunha vez na vida (a maioría trastornos de ansiedade ou trastorno depresivo); e 2) o 48,7% acode actualmente a un psicólogo e un 50,5% a un psiquiatra.

Sobre a situación da saúde mental, un 74,4% cre que empeorou nos últimos anos, achacándoa a: dificultades económicas; incerteza ante o futuro; esixencias e tensións do día a día; a pandemia; unha sociedade cada vez máis individualista e competitiva; os problemas do mundo no que vivimos; a soidade; o uso de redes sociais e Internet; e un maior grao de concienciación sobre a propia saúde mental. A metade, considera que non se destinan suficientes recursos á saúde mental e que as medidas para mellorar a asistencia á saúde mental serían: aumentar o número de profesionais en saúde mental; ter máis centros de saúde mental comunitarios e/ou equipos de traballo comunitarios; e asegurar a continuidade do tratamento co mesmo profesional. Tamén suxiren outras medidas sociais como a necesidade de priorizar a colectivos vulnerables (ex., mulleres).

O estudo finaliza cunha serie de recomendacións, que se centran en cinco aspectos: atención aos colectivos máis vulnerables; visibilización, desestigmatizacion e combater a discriminación; prevención e detección temperá; diagnóstico, atención e recuperación; e, medidas sociais, laborais e de integración.

A mesma Confederación de Saúde Mental de España (2023) elaborou un extenso informe que recolle casos de persoas que tiveron problemas por non ser considerado o seu problema de saúde mental, e no mesmo inclúen o tema das denuncias, boas prácticas e recomendacións. Consta dos seguintes apartados: obrigacións xerais; dereito das mulleres á igualdade e non discriminación; dereitos dos nenos e as nenas; toma de conciencia; accesibilidade; dereito á vida; igual recoñecemento como persoa ante a lei; acceso á xustiza; dereito á vida independente e a ser incluído na comunidade; educación; saúde; e, dereito ao traballo e emprego.

O Consello Xeral de Colexios Farmacéuticos elaboraron tamén un estudo sobre a saúde mental (ISGlobal, 2023) en España desde a perspectiva farmacéutica, dedicando un amplo apartado á atención á saúde mental, onde describen as terapias, procedementos, hospitalización, diagnósticos, etc. Insisten, dentro do tema laboral, na importancia da precariedade laboral e o desemprego como factores de risco ben coñecidos para os problemas de saúde mental, xunto ó estrés no traballo. As recomendacións que indica o informe resúmense en: mellorar a soidade non desexada; reducir as desigualdades económicas e mellorar o acceso aos servizos de saúde mental; mellorar a calidade de vida dos cidadáns, sobre todo nos barrios desfavorecidos; baixar o consumo de psicofármacos; facer estudos de custo-eficacia do tratamento da depresión e ansiedade; e, máis psicoterapia.

A sociedade SESPAS, Sociedade Española de Saúde Pública e Administración Sanitaria, elaborou en 2020 un informe sobre a Saúde Mental en España, en forma de artigos escritos por varios autores. Xa o fixera previamente en 2002 e 2010. En atención primaria, Bellón *et al.* (2020), estiman que, en 2020, a porcentaxe de persoas que acoden a centros de atención primaria con problemas de saúde mental é dun 30%, predominando os trastornos depresivos, ansiosos, adaptativos e de somatización. Tamén indican o que é a regra das metades decrecentes: de cada 100 persoas con trastornos mentais comúns, 73 consultan co seu médico de atención primaria, 36 son diagnosticadas correctamente, 18 son tratadas adecuadamente e 9 compren co tratamento. Igualmente, insisten na peor saúde mental das mulleres, tendo o dobre de probabilidade de ser diagnosticadas de depresión e ansiedade que os homes (Bacigalupe et al., 2020) e cun consumo de psicofármacos que é o dobre que nos homes.

No artigo de Ordóñez-Iriarte (2020) destaca a súa análise da saúde mental e a saúde ambiental, onde indican tres tipos de factores de risco: 1) factores de risco na etiopatoxenia e a evolución dos trastornos mentais (como calidade do aire, temperatura, ruído e cambio climático); 2) factores de risco no desenvolvemento cognitivo (substancias neurotóxicas que inciden no desenvolvemento cognitivo (ex., chumbo, metilmercurio, arsénico, PCB (policlorobifenilo) e tolueno); e 3) factores de risco no deterioro cognitivoa (relación entre contaminantes ambientais e a demencia e enfermidade de Alzheimer).

Tamén destacamos o informe *Presente e futuro da saúde mental en España*, editado por Martínez e Arango (2021), onde repasan o estado da situación, fundamentalmente desde unha perspectiva sanitaria. Di Celso Arango no seu prólogo que "di o sabio refraneiro español que só nos acordamos de Santa Bárbara cando trona. Nesta ocasión, tivo que vir en forma de pandemia para darnos conta da importancia da saúde mental e do mal preparado que estaba o noso sistema sanitario para afrontar unha crise así" (páx. 15). Segundo indican, España inviste un 5% do gasto sanitario en saúde mental, cando a media da UE é dun 7%. No informe destacariamos o incremento da demanda por problemas de saúde mental no caso da poboación infanto-xuvenil, a aparición cada vez máis temperá dos problemas de saúde mental, o custo dos tratamentos a nivel privado, a falla de suficiente cobertura, a falla de adherencia terapéutica aos fármacos, o incremento da demencia nos maiores (do 20 ao 40% dos maiores de 80 anos sofren demencia; o 50% dos casos son Alzheimer); a necesidade de personalizar os tratamentos psiquiátricos de precisión; a necesidade de previr o suicidio; a maior prevalencia en mulleres; etc.

Finalmente, tamén contamos co Libro branco da psiquiatría en España (SEPSM, 2024), o cal sintetiza a situación da saúde mental en España, e fai os correspondentes plantexamentos profesionais sobre o futuro da saúde mental e da profesión da Psiquiatría cara o futuro, como comentaremos noutro capítulo.

2.7. Os informes sobre saúde mental da Xunta de Galicia

En Galicia elaboráronse distintos plans de saúde mental, pero o de referencia actual é o *Plan de saúde mental poscovid* da Xunta de Galicia de 2020, para o que se destinou para o período 2020-24 un total de 83 millóns de euros, fundamentalmente para a contratación de novos profesionais e incrementar o número de centros e programas (Xunta de Galicia, 2020). A iso hai que engadir que se atopan en elaboración novos informes. Na táboa 2.8 indicamos os valores e principios que segue o *Plan de Saúde Mental Poscovid*.

A Estratexia Sergas 2020 (SERGAS, 2020), para o ámbito da saúde mental, indica a necesidade de avanzar en aspectos como: mellorar a atención aos pacientes con depresión (programa de ligazón primaria-hospitalaria), mellorar a detección precoz dos trastornos do neurodesenvolvemento, potenciar a atención aos problemas de saúde infanto-xuvenil, desenvolver programas de psicoxeriatría e reducir o dano psicolóxico en catástrofes. No caso concreto de Galicia, ao ter as transferencias sanitarias no campo da saúde, o plan recolle medidas específicas. Como di o informe "A rede de saúde mental do Servizo Galego de Saúde ten como misión a promoción da saúde mental, a prevención dous trastornos mentais e a diminución do impacto que o padecemento dun trastorno mental ten nas persoas e nas súas familias". Isto implica a análise da situación, dar respostas asistenciais adecuadas e mellorar a asistencia a toda a poboación, sobre todo aos grupos máis vulnerables, dentro das súas posibilidades orzamentarias.

Táboa 2.8. Valores e principios nos que se basea o *Plan de Saúde Mental Poscovid* da Conselleria de Sanidade, Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia (2020).

- Os programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores formarán un todo homoxéneo e garantirase a continuidade asistencial entre os diferentes dispositivos e a equidade no acceso a estes. - Procurarase unha atención comunitaria potenciando os recursos ambulatorios e extrahospitalarios e o uso de recursos normalizados, co fin de integrar esta na contorna do/da paciente. - A actividade nos dispositivos de saúde mental terá un enfoque colaborativo e interdisciplinario, e basearase na cooperación entre os membros do equipo a fin de dar unha resposta integral ás necesidades dos/as usuarios/as. - A distribución dos recursos será equitativa e organizaranse de modo que quede garantida a súa extensión a toda a poboación. - Participación das diferentes administracións e sectores públicos para promover actuacións que redunden na prevención da aparición dos trastornos mentais, e no soporte daqueles que os sofren. - A necesaria implicación do/da paciente na toma de decisións con respecto a súa saúde (planificación compartida) situándoo no centro do seu proceso asistencial. - Velarase pola prestación de servizos acorde á evidencia científica, e baixo a garantía da protección dos dereitos das persoas con trastorno mental, entendendo a estas como un colectivo de especial vulnerabilidade. - Na aplicación dos programas tomarase en consideración o enfoque de xénero para adaptar as actuacións ás necesidades. - A aposta pola calidade, a eficiencia e as prácticas innovadoras que redunden na sustentabilidade do sistema.

Para contextualizar a situación en Galicia, o informe monográfico de saúde mental de 2017 (INE, 2017) indicaba que un 10% dos adultos e un 1% dos menores tiñan problemas de saúde mental, aínda que o 18% da poboación española tiña risco de ter mala saúde mental. Nese informe, en Galicia o 16,2% declaraba padecer un trastorno mental nos últimos 12 meses (21,9% mulleres, 9,9% homes), aínda que é a alta mortalidade por suicidio o dato que máis sobresae no noso contexto.

O estudo que se fixo especificamente sobre os trastornos mentais en Galicia (Mateos e Gómez, 2017), que veremos máis amplamente noutro capítulo, indica que un 21,6% dos galegos presenta algún trastorno mental ao longo da súa vida e un 7,4% no último ano, destacando que un 3,6% dos casos son de trastornos do estado de ánimo. Das persoas con discapacidade en Galicia, un 6% o é por presentar trastornos mentais (en España é dun 5,5%) e un adicional 6,4% o é tanto por discapacidade física como mental (un 10,5% en España). En concreto, en Galicia 47.163 persoas teñen unha discapacidade por trastornos mentais.

Neste estudo, no caso da infancia e adolescencia e utilizando unha mostra clínica das persoas que acudían a atención primaria, a porcentaxe de persoas atendidas con trastornos mentais era dun 11,5% . Os trastornos máis frecuentes son depresión (20,9%) e trastornos de conduta (16,2%).

No *Plan de Saúde Mental Poscovid* tamén se recollen os recursos existentes para a atención á saúde mental en Galicia e, de forma específica, os aspectos para mellorar como incrementar os recursos humanos e materiais, protocolos e procesos asistenciais comúns, maior coordinación con atención primaria, evitar medicalizar/psicoloxizar situacións vitais ou sentimentos normais, orientar a atención cara ás necesidades e valores dos pacientes; elaborar mapas sociosanitarios; e potenciar a investigación, a innovación e outras, como favorecer o acceso á psicoterapia.

Son importantes os obxectivos e eixos de acción do plan, que é onde se concreta o que se vai a facer, que son cinco: participación, autonomía e sensibilización; recuperación como meta; gobernanza, coordinación e transversalidade; saúde mental na infancia e adolescencia; e, xestión do coñecemento, investigación e avaliación. Como medidas concretas, na Táboa 2.9 indicamos as que propón o plan para o desenvolvemento de programas de prevención e desenvolvemento precoz.

Táboa 2.9. Exemplos do desenvolvemento de programas de prevención e atención precoz, no *Plan de saúde mental poscovid*, onde pon o foco na infancia e en colectivos sometidos a experiencias traumáticas.

A. Programas de apoio ao loito e trauma. B. Atención á saúde mental dos/as profesionais sanitarios/as. C. Incrementar os recursos e programas preventivo-asistenciais destinados a atención á saúde mental na infancia: - Reforzamento das unidades ambulatorias de saúde mental infanto-xuvenil. - Creación dunha unidade de hospitalización para nenos/as-adolescentes no Hospital Álvaro Cunqueiro, de referencia para as provincias de Ourense e Pontevedra. - Dotación progresiva nas áreas sanitarias de hospitais de día infanto-xuvenís. - Constituír equipos de referencia para a atención aos trastornos do neurodesenvolvemento. D. Implantación dun programa de detección precoz e intervención en adiccións, incluído o alcol, cánnabis e o xogo.

Fonte: Xunta de Galicia (2020).

O *Plan de Saúde Mental Poscovid* tiña como obxectivo mellorar a saúde mental en Galicia ao dispoñer de máis recursos, máis profesionais, medidas concretas a poñer en práctica para a súa mellora e, o máis importante, darlle unha maior visibilidade á saúde mental. Unha parte cumpriuse pero outros aspectos continúan pendentes.

Referencias

Bacigalupe, A., Cabezas, A., Bueno, M. B., e Martín, U. (2020). El género como determinante de la salud mental y su medicalización. Informe SESPAS 2020. *Gaceta Sanitaria, 34* Suppl 1, 61–67.

Bellón, J. A., Conejo-Cerón, S., Rodríguez-Bayón, A., Ballesta-Rodríguez, M. I. Mendive, J. M. e Moreno-Peral, P. (2020). Enfermedades mentales comunes en atención primaria: dificultades diagnósticas y terapéuticas, y nuevos retos en predicción y prevención. Informe SESPAS 2020. *Gaceta Sanitaria, 34* (Supl. 1), 20-26.

Comisionado de Salud Mental (2025a). *Plan de Acción de Salud Mental 2025-2027.* Ministerio de Sanidad. En: https://www.sanidad.gob.es/areas/calidadAsistencial/estrategias/saludMental/docs/Plan_de_accion_para_la_salud_mental_v2.6.pdf

Comisionado de Salud Menta (2025b) *Plan de acción para la prevención del suicidio 2025-2027.* Ministerio de Sanidad. En: https://www.sanidad.gob.es/areas/calidadAsistencial/estrategias/saludMental/docs/Plan_de_accion_para_la_prevencion_del_suicidio_2025_2027.pdf

Confederación Salud Mental España (2023). *Informe sobre el estado de los derechos humanos en salud mental, 2022*. Confederación Salud Mental España. En https://consaludmental.org/centro-documentacion/informe-derechos-humanos-salud-mental-2022/

Confederación Salud Mental España y Mutua Madrileña (2023). *La situación de la salud mental en España 2023*. Confederación Salud Mental España y Mutua Madrileña.

Comité Económico y Social Europeo (2023). *Medidas para mejorar la salud mental*, SOC/760, Sección de Empleo, Asuntos Sociales y Ciudadanía. En. https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/HTML/?uri=PI_EESC%3AEESC-2023-01455-AS

Consejo de la Unión Europea (2023a). *Conclusiones del Consejo sobre la salud mental y el trabajo precario. 9 de octubre de 2023*. Asunto: 13171/23. Consejo de la Unión Europea. En: chrome-extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://data.consilium.europa.eu/doc/document/ST-13937-2023-INIT/es/pdf

Consejo de la Unión Europea (2023b). *Conclusiones del Consejo sobre la salud mental. 30 de noviembre de 2023.* N.º doc. prec.: 15053/23. Consejo de la Unión Europea. En: https://data.consilium.europa.eu/doc/document/ST-15053-2023-INIT/es/pdf

ISGlobal (2023). *Estudio La Salud Mental en España.* Consejo General de Colegios Farmacéuticos.

OECD (2023), *Health at a Glance 2023: OECD Indicators*, OECD Publishing. En: https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/A-9-2023-0367_ES.html

Eurobarometer (2023). *Plenary insights. Public opinion at a glance. October II 2023*. En: https://www.europarl.europa.eu/at-your-service/files/be-heard/eurobarometer/2023/en-plenary-insights-october-ii-2023.pdf

European Commission (2023). *Communication from the Comission to the European Parliament, the Council, the European Economic and Social Committee and the Committee of the Regions on a comprehensive approach to mental health*. European Commission, June 6, 2023. En https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/HTML/?uri=CELEX:52023DC0298

Ministerio de Sanidad (2022a). *Estrategia de salud mental del Sistema Nacional de Salud. Período 2022-2026.* Ministerio de Sanidad.

Martínez, J. e Arango, C. (Coord.) (2021*). Presente y futuro de la salud mental en España.* BioInnova Consulting.

Ministerio de Sanidad (2022b). *Plan de Acción de Salud Mental, 2022-24. Estrategia Salud Mental del SNS*. Ministerio de Sanidad. En: https://www.sanidad.gob.es/areas/calidadAsistencial/estrategias/saludMental/docs/PLAN_ACCION_SALUD_MENTAL_2022-2024.pdf

Ministerio de Sanidad (2023). *Recursos humanos, ordenación profesional y formación continuada en el Sistema Nacional de Salud 2022. Informe monográfico*. Ministerio de Sanidad. En: https://www.sanidad.gob.es/estadEstudios/estadisticas/sisInfSanSNS/tablasEstadisticas/InfAnualSNS2022/Informe_RRHH_2022.pdf

Parlamento Europeo (2023). Informe sobre la salud mental. 17.11.2023 - (2023/2074(INI)), Comisión de Medio Ambiente, Salud Pública y Seguridad Alimentaria. Parlamento Europeo. En: https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/A-9-2023-0367_ES.html

Oliva, J., López-Varcárcel, B. G., Pérez, P. B., Peña-Longobardo, L. M., Garrido, R. M. U. e González, N. Z. (2020). El impacto de la Gran Recesión en la salud mental en España. Informe SESPAS 2020 [Impact of Great Recession on mental health in Spain. SESPAS Report 2020]. *Gaceta Sanitaria, 34* (Suppl 1), 48–53.

Ordóñez-Iriarte J. M. (2020). Salud mental y salud ambiental. Una visión prospectiva. Informe SESPAS 2020 [Mental health and environmental health. A prospective view. SESPAS Report 2020]. *Gaceta Sanitaria, 34* (Suppl 1), 68–75

Organización Mundial de la Salud (2022a). *Informe mundial sobre salud mental: transformar la salud mental para todos*. Organización Mundial de la Salud. En htpps://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://iris.who.int/bitstream/handle/10665/356118/9789240051966-spa.pdf?sequence=1 (D. Kestal y M. van Ommeren, coord.).

Organización Mundial de la Salud (2022b). *Plan de acción integral sobre salud mental 2013-2030. Organización Mundial de la Salud; 2022*. En: https://iris.who.int/bitstream/handle/10665/357847/9789240050181-spa.pdf?sequence=1

SEPSM (2024). *Libro blanco de la psiquiatría en España*. Sociedad Española de Psiquiatría y Salud Mental.

SERGAS (2020). *Estratexia 2020*. Sergas, Consellería de Sanidade. En https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Documents/557/SERGAS_ESTRATEXIA_2020_280316_cas.pdf

Xunta de Galicia (2020). *Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Periodo 2020-2024*. Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, Dirección Xeral de Atención Sanitaria.

Capítulo 3
A saúde mental en Galicia: comparativa con España e outros países

3.1. Trastornos máis prevalentes: breve descrición
3.2. Prevalencia dos problemas de saúde mental en distintos países
3.3. Prevalencia dos problemas de saúde mental en Europa
3.4. Prevalencia dos problemas de saúde mental en España
    3.4.1. O Informe da Unión Europea sobre o estado da saúde en España
    3.4.2. Enquisa Europea de Saúde
    3.4.3. Enquisa Nacional de Saúde 2017
    3.4.4. Rexistro de problemas de saúde mental en Atención Primaria
    3.4.5. A análise da conduta suicida
    3.4.6. O consumo de drogas na poboación xeral e na poboación laboral
    3.4.7. A enquisa do CIS sobre a saúde mental e o covid-19
    3.4.8. A prevalencia de trastornos mentais en estudantes de instituto e universidade
    3.4.9. Outros estudos
    3.4.10. A comparación da prevalencia de trastornos mentais en varios países da OMS
3.5. Prevalencia dos problemas de saúde mental en Galicia
3.6. Conclusións sobre as diferenzas de prevalencia de trastornos mentais
Referencias

3.1. Trastornos máis prevalentes: breve descrición

De modo sistemático hai catro trastornos, ou grupos de trastornos, en adultos que aparecen como os máis prevalentes e relevantes cando falamos dos problemas de saúde mental. Son os trastornos depresivos, os trastornos de ansiedade, os trastornos adictivos e a esquizofrenia. Hai moitos outros, pero o seu nivel de prevalencia, a súa demanda clínica, a incapacidade persoal, laboral ou social que producen, non están ao mesmo nivel que os previamente sinalados. Respecto aos trastornos nas etapas da infancia e adolescencia, predominan os trastornos de ansiedade, os depresivos, o trastorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH), os trastornos de conduta, os trastornos da conduta alimentaria e os trastornos do espectro autista. Tamén ten unha gran relevancia na etapa da adolescencia o inicio no consumo de substancias e mesmo xa a aparición de problemas derivados do seu consumo. Na Táboa 3.1 recóllense todos os trastornos mentais e do comportamento que se inclúen no DSM-5-TR (American Psychiatric Association, 2023). A continuación, realizaremos unha breve descrición daqueles máis destacados.

Os trastornos depresivos caracterízanse pola presenza dun estado de tristeza e anhedonia que fan que a persoa non ten interese en facer cousas, pérdese o interese por cousas que antes lle interesaban ou mesmo de vivir, sendo un dos principais riscos da depresión os intentos de suicidio e o suicidio consumado. Trátase dun trastorno que pode ser moi incapacitante.

Os trastornos de ansiedade son un conxunto de trastornos que tamén poden ter un importante nivel de incapacidade e xerar un sufrimento moi grande. O máis prevalente é o trastorno de ansiedade xeneralizada, caracterizado pola continua preocupación que o individuo manifesta por distintos aspectos da vida cotiá, seguido do trastorno de pánico, a agorafobia, a fobia específica e a fobia social.

Os trastornos adictivos caracterízanse porque a súa presenza ten importantes consecuencias, non só sobre a saúde das persoas que os padecen, se non tamén sobre o ámbito familiar, laboral, económico e social. O nivel de prevalencia deste tipo de trastornos é moi elevado, sendo un grave problema social e sanitario na actualidade.

A esquizofrenia, do mesmo xeito que o resto dos trastornos psicóticos, é considerada coma trastorno mental grave, tanto pola súa cronicidade como polo alto custo persoal, familiar, sanitario e social que conleva, a súa dificultade de manexo clínico e a maior mortalidade por enfermidades relacionadas co trastorno. A esquizofrenia caracterízase pola presenza de delirios e alucinacións, xunto con outras dificultades como a perda de motivación, o illamento, a presenza de depresión ou a carencia de habilidades sociais. É un dos trastornos mentais máis incapacitantes, dado que ademais leva con frecuencia a internamentos hospitalarios.

Táboa 3.1 Trastornos mentais e do comportamento que considera o DSM-5-TR.

Trastornos do neurodesenvolvemento.
1. Trastornos do desenvolvemento intelectual.
2. Trastornos da comunicación.
3. Trastornos do espectro autista.
4. Trastorno por déficit de atención/hiperactividade.
5. Trastornos específicos da aprendizaxe.
6. Trastornos motores.
7. Trastornos de tics.
8. Outros trastornos do neurodesenvolvemento.

Espectro da esquizofrenia e outros trastornos psicóticos.
Trastorno bipolar e outros trastornos relacionados.
Trastornos depresivos.
Trastornos de ansiedade.
Trastorno obsesivo-compulsivo e outros relacionados.
Trastornos relacionados con traumas e factores de estrés.
Trastornos disociativos.
Trastornos de síntomas somáticos e trastornos relacionados.
Trastornos da conduta alimentaria e da inxesta de alimentos.
Trastornos da excreción.
Trastornos do soño-vixilia.
Disfuncións sexuais.
Disforia de xénero.
Trastornos disruptivos, do control dos impulsos e da conduta.
Trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos.

1. Alcol, cafeína, cánnabis, alucinóxenos, inhalantes, opioides, sedantes, hipnóticos e ansiolíticos, estimulantes e tabaco.
2. Xogo patolóxico.
3. Adicción a videoxogos (en estudo).

Trastornos neurocognitivos.
Trastornos da personalidade.
Trastornos parafílicos.
Outros trastornos mentais e códigos adicionais.
Trastornos motores inducidos por medicamentos e outros efectos adversos dos medicamentos.
Outros problemas que poden ser obxecto de atención clínica (ex., conduta suicida, malos tratos, abuso sexual infantil, problemas laborais, problemas de vivenda, etc.).

3.2. Prevalencia dos problemas de saúde mental en distintos países

Estados Unidos é un dos países do mundo que ten os estudos en poboación xeral máis completos para coñecer o estado da saúde mental na súa poboación. Anualmente o SAMHSA (*Substance Abuse and Mental Health Services Administration*), organismo do Ministerio de Saúde norteamericano, elabora unha enquisa a nivel nacional, sendo a máis recente a realizada en 2022 (SAMHSA, 2023). A mostra foi de 71.369 persoas, de 12 ou máis anos, con entrevistas realizadasnan casa e noutros lugares residenciais. Avalían tanto o consumo de substancias como varios trastornos de saúde mental e a intención de suicidio.

Respecto ao consumo de cigarros, o 14,6% da mostra fumou no último mes (destes o 58,7% fuma diariamente), sendo o grupo de idade con maior prevalencia o de maiores de 26 anos (16,7%). Os resultados varían en canto a produtos derivados do tabaco ou ter vapeado nicotina dado que o 22,7% da mostra utilizouno no último mes, sendo os mozos entre 18 e 25 anos o grupo de idade con maior consumo (30%). Entre os mozos de 12 a 17 anos este consumo sitúase no 7,3% mentres que o de cigarros está no 1,2%. En canto ao consumo de alcol, no mes anterior un 5,7% consumira alcol de modo intenso (consumo de polo menos catro bebidas diarias cinco días na semana), sobre todo nas idades de 18 a 25 anos (un 7,6%). O consumo de marihuana no último mes é do 15% na mostra total, coa maior porcentaxe entre os de 18 a 25 anos (25,9%). Por último, entre outras substancias destacan en consumos realizados no último ano: a cocaína, incluíndo o crack, cun 1,9%; un 0,4% de heroína; un 1,5% de abuso de estimulantes prescritos (ex.,

anfetaminas, anorexígenos); 1,7% de abuso de tranquilizantes ou sedantes prescritos; 3% de abuso de fármacos prescritos para o alivio da dor; e 3,2% de abuso de opioides de prescrición (ex., oxicodona, hidrocodona, morfina).

En relación cos problemas de saúde mental, o estudo sinala que o 23,1% da mostra cumpriría os criterios dalgún trastorno mental no último ano e un 6% o dun trastorno mental grave (que limita substancialmente unha ou máis actividades importantes da vida). Así, un 19,5% dos adolescentes de 12 a 17 anos tivo un episodio depresivo maior nos últimos 12 meses. No caso dos maiores de 18 anos, un 8,8% de adultos tivérono, sendo o grupo con maior porcentaxe o de 18 a 25 anos (20,1%) e o de menor os maiores de 50 anos (4,6%).

Respecto á comorbilidade entre o episodio depresivo maior e o trastorno por consumo de substancias, o 24,7% dos menores de 12 a 17 anos e o 32,9% dos maiores de 18 anos padecérono no último ano. De modo semellante, a presenza dun trastorno por consumo de substancias en adultos que tamén teñen outro trastorno mental é dun 8,4%, sendo dun 2,9% nos que teñen un trastorno mental grave. En relación ao suicidio, un 5,2% das persoas de 18 ou máis anos tivo serios pensamentos de suicidio no último ano, un 1,5% fixo plans de suicidio e un 0,6% tentou suicidarse. A maior porcentaxe está nos mozos de entre 18 e 25 anos nos que un 13,6% tivo serios pensamentos de suicidio no último ano, seguido dos de 12 a 17 anos cun 13,4%. Ademais, un 6,5% fixo plans de suicidio e un 3,7% tentou suicidarse.

A enquisa de Gallup sobre saúde mental nos Estados Unidos, *Gallup National Health and Well-Being Index*, apunta un incremento de 10 puntos nos diagnósticos de depresión nos Estados Unidos, do 19,6% algunha vez na vida en 2015 a un 29% en 2023. No caso de presenza no último ano, subiu dun 10,5% en 2015 a un 17,8% en 2023, presentando as mulleres o dobre de prevalencia, un 23,8% respecto aos homes cun 11,3% (Witters, 2023).

Os datos da enquisa de fogares do NHIS (*National Health Interview Study)* norteamericano (Terlizi e Norrris, 2021) realizada no ano 2020, indica que o 20,3% da poboación adulta recibiu algún tratamento de saúde mental nos últimos 12 meses. A un 16,5% prescribíronlle medicación e un 10,1% recibiu consello ou terapia de profesionais da saúde mental. A prevalencia dos trastornos mentais é maior en mulleres (25,6%) que en homes (14,6%) e, os que viven en zonas rurais teñen máis problemas de saúde mental: 19,3% en cidades, 21,4% en medias ou pequenas e 21,7% en non metropolitanas.

Outro dato relevante son as visitas a urxencias por problemas de saúde mental. O estudo de Bomersbach *et al.* (2023) comparou nos anos2011 e 2020 as visitas a urxencias por trastornos mentais na *National Hospital Ambulatory Medical Care Survey* en nenos, adolescentes e adultos, cunha mostra de máis de 60.000 persoas cada ano. Os resultados indican (Táboa 3.2) un importante incremento na atención a trastornos mentais en urxencias cando se comparan ambos anos, aínda que debe sinalarse que o 2020 coincide co período da pandemia producida polo covid-19.

En adolescentes hai outras enquisas representativas, como a *National Logitudinal Study of Adolescent and Adults Health* (*Add Health*), con 20.000 entrevistas desde 1994-1995, que non comentaremos aquí.

Táboa 3.2. Porcentaxe de trastornos mentais atendidos en urxencias, nos Estados Unidos, nos anos 2011 e 2020, en nenos, adolescentes e adultos.

	Anos 2011-2012	*Anos 2019-2020*
% do total de visitas	20,3	19,2
Calquera diagnóstico de saúde mental	7,7	13,1

Ánimo	4,0	6,0
Condutual (non suicidio)	1,0	2,2
Uso de substancias	2,8	3,9
Psicose	0,6	1,2
Relacionado co suicidio	0,9	4,2
Outros	2,2	5,1
1 diagnóstico de saúde mental	4,9	7,0
2 ou máis diagnósticos de saúde mental	2,8	6,0
Home	8,6	14,0
Muller	6,9	12,3

Fonte: Bomersbech *et al.* (2023).

No Canadá, o estudo de Stephenson (2023) analiza os principais problemas de saúde mental con datos procedentes da *Mental Health and Access to Care Survey* de 2022, cunha ampla mostra representativa da poboación canadense (N = 9.861, de 15 ou máis anos) e utilizando unha versión modificada do WHO-CIDI. Na Táboa 3.3 vemos os principais resultados, que indican un claro incremento dos trastornos mentais entre o ano 2012 e 2022, sinalando a pandemia e postpandemia como principais responsables. O certo é que en canto a presenza nos últimos 12 meses hai case o dobre nalgúns trastornos, como episodio depresivo maior (4,7 vs. 7,6%), trastorno de ansiedade xeneralizada (2,6 vs. 5,2%) e fobia social (3,0 vs. 7,1%). En cambio, descendeu o trastorno por consumo de alcol (3,2 vs. 2,2%), todo o cal indica que o confinamento incidiu en tales prevalencias.

Táboa 3.3. Prevalencia dos trastornos de saúde mental en Canadá.

	Na vida, %		*Nos últimos 12 meses, %*	
Trastorno	2012	2022	2012	2022
Episodio depresivo maior	11,3	14,0	4,7	7,6
Trastorno bipolar	2,6	3,4	1,5	2,1
Trastorno de ansiedade xeneralizada	8,7	13,3	2,6	5,2
Fobia social	8,1	14,6	3,0	7,1
Trastorno por consumo de alcol	18,1	16,7	3,2	2,2
Trastorno por consumo de cánnabis	6,8	6,8	1,3	1,4
Outros trastornos por consumo de drogas	4,0	3,6	0,7	0,5

Fonte: Stephenson (2023).

En Australia realizouse un amplo estudo, o *National Study of Mental Health and Willbeing* (Australian Bureau of Statistics, 2023), utilizando entrevistas persoais co WHO-CIDI, version 3.0, en 10.000 fogares nas idades de 16 a 85 anos. Os seus resultados indican que un 43% experimentou un trastorno mental ao longo da súa vida e un 22% no último ano. Os trastornos máis comúns para o último ano son o trastorno de ansiedade (17%), trastornos afectivos (8%) e trastorno por consumo de substancias (3%). En persoas de 4 a 17 anos (Australian Government, 2021), nos últimos 12 meses, hai un 7% de TDAH, un 7% de trastornos de ansiedade, un 3% de trastorno depresivo maior e un 2% con trastorno de conduta.

A pesar de dispoñer de máis estudos de diferentes países, por limitacións de espazo non é posible incluílos todos, pero, para finalizar este apartado, merece a pena destacar o meta-análise de Richter *et al.* (2019) no que analizaron se é real o incremento

dos problemas de saúde mental, avaliando estudos realizados en todo o mundo. Atoparon que aumentan, cunha odds ratio (OR) de 1,179, pero con diferenzas dependendo do trastorno (ver Táboa 3.4). Destaca o enorme incremento do trastorno bipolar (OR = 2,836), xunto ao incremento da dependencia de substancias psicoactivas (OR =1,999), a dependencia de distintas medicacións (OR = 1,679), os trastornos de ansiedade (OR =1,449) e a depresión (OR = 1,298).

Táboa 3.4. Odds ratio (OR) sobre o incremento dos problemas de saúde mental

Trastorno	*OR*
Trastorno mental xeneral	1,046
Angustia	1,126
Depresión	1,298
Dependencia do alcol	1,016
Dependencia de drogas	1,999
Dependencia de distinta medicación	1,679
Ansiedade	1,449
Trastorno bipolar	2,836
Trastornos da alimentación	0,906

Fonte: Richter *et al.* (2019).
Nota: A OR (Odds Ratio) é a porcentaxe de incremento entre un grupo de referencia (valor de 1,0) e o grupo de comparación. Neste caso entre a prevalencia dos anos previos (OR=1,0) e dos últimos. Por exemplo, se a OR = 2,0 implica que o incremento foi de 1,0 a 2,0, por tanto de un 100% de incremento.

3.3. Prevalencia dos problemas de saúde mental en Europa

Para Europa estimábase no ano 2010 que cada ano o 38,2% da poboación sufría un trastorno mental (Wittchen *et al.,* 2011). Os trastornos máis frecuentes eran os trastornos de ansiedade (14%), insomnio (7%), depresión maior (6,9%), trastornos somatomorfos (6,3%) e dependencia do alcol e as drogas (> 4%). En Europa, os trastornos neurolóxicos e os trastornos mentais contribúen nun 26,6% ao total de todas as causas de discapacidade, o que representa unha maior proporción en comparación con outras rexións do mundo. As afeccións individuais máis incapacitantes eran: a depresión, demencias e trastornos por consumo de alcol.

Este informe considera que a saúde, as desigualdades e a emerxencia climática son as tres principais crises do noso tempo, indicando a necesidade de adoptar medidas preventivas para abordar os determinantes sociais e económicos da saúde, insistindo en que facelo é un investimento, non un custo. Todo iso vai na liña dun dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, que é lograr a saúde para todas as persoas, para o que propoñen valorar e financiar a saúde para todos, innovar para lograr a saúde para todos e fortalecer a capacidade do sector público a fin de promover a saúde para todos. As recomendacións de este informe recóllense na Táboa 5.4.

Táboa 5.4. Recomendacións do informe da Organización Panamericana da Saúde, OPS (2024), titulado *"Saúde para todos: transformar a economía para que proporcione o que importa"*.

Valorar a saúde para todos

1. Valoración do esencial. Considerar que a saúde e o benestar, do mesmo xeito que o persoal de saúde e os sistemas de saúde, son un investimento a longo prazo, non un custo a curto prazo.
2. Dereitos humanos. Utilizar compromisos xurídicos e financeiros para facer valer a saúde como un dereito humano.
3. Saúde do planeta. Restaurar e protexer o medio ambiente ao apoiar os compromisos internacionais que promoven unha economía rexenerativa que vincula o planeta e as persoas.
4. Panel de indicadores para unha economía saudable. Utilizar un conxunto de medicións que permitan rexistrar os avances ao redor de valores sociais fundamentais, máis aló da medición limitada e estática do PIB.

Financiar a saúde para todos

5. Financiamento a longo prazo. Adoptar un enfoque integral e estable para financiar a saúde para todos.
6. Calidade do financiamento. Redeseñar a estrutura financeira internacional para financiar a saúde de maneira equitativa e proactiva, incluída unha resposta eficaz e inclusiva ás crises.
7. Financiamento e gobernanza da OMS. Velar porque a OMS conte co financiamento e a gobernanza adecuadas para desempeñar a súa función clave de coordinación mundial en materia de saúde para todos.

Innovar para lograr a saúde para todos

8. Intelixencia colectiva. Establecer alianzas simbióticas entre os sectores público e privado para maximizar o valor público, buscando a maneira de compartir tanto os riscos como os beneficios.
9. Ben común. Deseñar a gobernanza do coñecemento, incluídos os réximes de propiedade intelectual, para o ben común a fin de garantir o acceso equitativo mundial a innovacións vitais en materia de saúde.
10. Orientación á obtención de resultados. Harmonizar as estratexias industriais e de innovación con misións intersectoriais audaces para lograr a saúde para todos.

Fortalecer a capacidade do sector público a fin de promover a saúde para todos
11. Enfoque de todo o Goberno. Recoñecer que a saúde para todos non só incumbe aos ministerios de saúde, senón a todo o goberno.
12. Capacidade estatal. Investir nas capacidades dinámicas do sector público, institucionalizando a experimentación e a aprendizaxe para liderar eficazmente o logro da saúde para todos.
13. Fortalecemento da confianza. Demostrar transparencia e un compromiso público significativo para que os gobernos rendan contas en relación co ben común.

Avanzouse moito neste tema, como exemplo, varios países constituíron a Alianza do Benestar (Canadá, Escocia, Finlandia, Gales, Islandia e Nova Zelandia) que prioriza o benestar das persoas como eixo central das súas políticas. Polo tanto, tal e como podemos ver, a atención á saúde mental convértese en importante, dada a relación que existe entre o benestar e ter menos trastornos mentais.

5.1.1.2. Informe do Surgeon General norteamericano

Outro informe relevante é o do *Surgeon General* norteamericano (2022), elaborado en plena pandemia producida polo covid-19 e publicado cando saíamos da mesma. Esta figura é a máxima autoridade en materia de saúde pública do goberno norteamericano, sendo os seus informes de alta calidade científica e de enorme peso para a toma de medidas en materias de saúde pública.

O informe céntrase especificamente na saúde mental e o benestar, recollendo as consecuencias da pandemia do covid-19 e o enorme impacto que tivo no mundo do traballo e na saúde mental. Na Táboa 5.5 recóllense as súas recomendacións, despois de analizar a evidencia dispoñible e que medidas serían as mellores para reducir os problemas de saúde mental na contorna laboral.

Táboa 5.5. Os cinco elementos esenciais que recomenda o *Surgeon General* (2022) norteamericano para mellorar a saúde mental e o benestar no medio laboral.

Débese crear un plan con todos os traballadores para poñer en práctica os seguintes elementos que poden axudar a converter os lugares de traballo en fonte de benestar.

1) Protección fronte ao dano
- Dar prioridade á seguridade física e psicolóxica no lugar de traballo.
- Permitir un descanso adecuado.
- Normalizar e apoiar a saúde mental.
- Aplicar normas, políticas e programas de diversidade, equidade, inclusión e accesibilidade.

2) Conexión e comunidade
- Crear culturas de inclusión e pertenza.
- Cultivar relacións de confianza.
- Fomentar a colaboración e o traballo en equipo.

3) Harmonía entre o traballo e a vida privada
- Proporcionar máis autonomía sobre a forma de realizar o traballo.
- Facer que os horarios sexan o máis flexibles e predicibles posible.
- Aumentar o acceso aos permisos retribuídos.
- Respectar os límites entre o tempo de traballo e o tempo libre.

4) Cuestións laborais
- Proporcionar un salario digno.
- Implicar aos traballadores nas decisións do lugar de traballo.
- Construír unha cultura de gratitude e recoñecemento.
- Conectar o traballo individual coa misión da organización.

5) Oportunidade de crecemento
- Ofrecer formación de calidade, educación e adestramento.
- Fomentar vías claras e equitativas de promoción profesional para avanzar na carreira profesional.
- Garantir unha retroalimentación pertinente e recíproca.

Fonte: Surgeon General (2022, páx. 10).

Tamén, nestes anos, elaboráronse outros moitos informes nesta liña, tanto por parte de organismos nacionais (ex., *National Safety Council*, 2020), como por empresas relevantes no campo laboral (ex., Deloitte, 2022).

5.1.1.3. Informes da Unión Europea

Como xa se sinalou previamente, a Unión Europea (UE) vén prestando moita atención á saúde mental en relación ao mundo laboral. Así, destacariamos como xa no ano 2014 elaborou un informe sobre "*Promover a saúde mental no posto de traballo. Guía para a aplicación dun enfoque integral*", do cal temos versión en castelán en 2017 (Wynne *et al.,* 2017). Este informe céntrase na relevancia da saúde mental e o benestar no lugar de traballo, e como se debe mellorar. Problemas como o absentismo, o presentismo e a perda de produtividade relaciónanse con iso. Este informe parte da Directiva de referencia neste tema, a 89/291/CE do Consello do 12 de maio de 1989, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde dos traballadores no lugar de traballo. A partir da mesma elaboráronse un gran número de documentos e outras directivas ampliando e complementando esta.

Este informe define a saúde mental positiva como o estado de benestar caracterizado por sentirse ben, ter relacións plenas e ser capaz de xestionar os problemas. Indican que a saúde mental inflúe sobre a forma de pensar, comunicarse, aprender e crecer das persoas. A sensación de benestar reforza a capacidade de recuperación e a autoestima, dous ingredientes necesarios para participar de maneira satisfactoria na comunidade, na sociedade, na vida profesional e nas relacións.

Remitimos para o resto dos informes e documentos da UE ao capítulo 2 onde se expuxeron os informes sobre saúde mental elaborados por distintos organismos da UE.

5.1.1.4. Informe ESENER sobre riscos psicosociais e saúde no traballo

O informe da Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo (EU-OSHA) baseado na cuarta edición da "Enquisa europea de empresas sobre riscos novos e emerxentes", coñecido como informe ESENER (EU-OSHA, 2025), achega datos actualizados e relevantes sobre a percepción e xestión dos riscos psicosociais nas empresas europeas.

Entre os seus principais achados destaca que unha alta porcentaxe de empresas recoñece a existencia de problemas relacionados co estrés laboral, o acoso e a violencia no traballo, aínda que existe unha importante variabilidade segundo o sector, tamaño empresarial e país. Tamén sinala que, a pesar do crecente recoñecemento da importancia da saúde mental no ámbito laboral, moitas organizacións aínda teñen serias dificultades para implementar medidas efectivas debido á falta de recursos, coñecementos ou apoio institucional. A enquisa pon en evidencia a necesidade de fortalecer a formación en prevención psicosocial e mellorar a comunicación entre os distintos actores implicados (dirección, traballadores, servizos de prevención).

Un dos aspectos que consideramos relevante destacar é que neste Informe faise unha aclaración conceptual que cada vez terá maior relevancia no futuro, como é a diferenciación entre lugar de traballo e situación de traballo. Mentres o primeiro remite a un espazo físico concreto -como a oficina, a fábrica ou o domicilio en teletraballo-, a situación de traballo alude a un conxunto dinámico de factores organizativos, relacionais, tecnolóxicos e temporais que configuran a experiencia laboral real do traballador. Esta distinción é especialmente relevante en contextos de traballo híbrido ou remoto, onde o "lugar" perde centralidade e emerxen novas condicións de exposición psicosocial (por exemplo, illamento, dilución de límites, dispoñibilidade estendida ou dependencia dixital) (Leonardi *et al.,* 2023).

5.1.2. Informes nacionais

5.1.2.1. Informes do Ministerio de Sanidade

Tradicionalmente nos informes do Ministerio de Sanidade sempre se incluía algunha referencia á saúde mental dentro da incidencia dos problemas de saúde por cuestións laborais. Pero destaca de modo especial o informe do ano 2022 (Ministerio de Sanidad, 2022a, 2022b), xa comentado no capítulo 2. En decembro do ano 2021 aprobouse a proposta do Comité Institucional da Estratexia de Saúde Mental por parte do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (Ministerio de Sanidad, 2022b). Unha parte da mesma inclúe o mundo laboral, o que comentaremos brevemente neste apartado.

Nestes informes recoñécese que o mundo laboral é moi importante na vida das persoas, dado o elevado número de horas que nos ocupa o traballo, sendo os dous factores que apuntan como máis relevantes o estrés e os riscos psicosociais. Os novos cambios que se produciron a nivel laboral nos últimos anos, acelerados pola pandemia do covid-19, levaron a un incremento destes dous factores e, por tanto, a máis problemas de saúde mental. O informe segue moitas das propostas da Unión Europea comentadas previamente, así como as recomendacións da Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo (EU-OSHA). Na Táboa 5.6. recóllense as iniciativas que segundo o Ministerio de Sanidad (2022b) son máis relevantes e que consideran que deben seguirse actualmente entre as recollidas pola UE.

Táboa 5.6. Iniciativas que deben seguirse en relación coa saúde mental no traballo.

Iniciativa a nivel da UE sobre os riscos psicosociais A Comisión levará a cabo unha revisión por pares dos enfoques lexislativos e de execución para abordar os riscos psicosociais no traballo nos Estados membros con vistas a presentar unha iniciativa a nivel da UE sobre os riscos psicosociais a medio prazo, en función dos seus resultados e das achegas dos interlocutores sociais. *Campañas nos lugares de traballo da UE* Campaña "Traballos saudables" e "Traballo seguro e saudable na era dixital", con énfase na saúde mental no traballo (2023-2025), da EU-OSHA. Campaña "Traballos saudables" da EU-OSHA a escala da UE en materia de riscos psicosociais e saúde mental no traballo, con énfase nos sectores profesionais novos e desatendidos, incluídos os sectores da agricultura e a construción, así como os grupos de traballadores pouco cualificados, migrantes ou mozos (2026-2027/2028).

Fonte: Ministerio de Sanidade (2022b).

O anterior informe indica que un gran número de días laborais perdidos débense á presenza de trastornos depresivos e de ansiedade, sobre todo cando teñen un carácter máis crónico. Queda claro neste informe a importancia que ten a saúde mental no campo laboral, a necesidade da súa prevención, detección, tratamento e de ter en consideración a incorporación posterior ao posto de traballo tras unha baixa laboral. Insiste, na liña dos informes anteriores, que deben reducirse os riscos psicosociais, mellorar a saúde e seguridade no traballo e reducir o estrés.

Respecto ao estrés, no informe recóllese que en Europa é o segundo problema de saúde no traballo, afectando ao 22% dos traballadores. Na Táboa 5.7 recóllese un resumo sobre os datos que apuntan no informe en relación co estrés.

Táboa 5.7. Incidencia do estrés no traballo.

- O estrés no traballo pode afectar a calquera persoa de calquera nivel. Pode aparecer en calquera sector e nunha organización de calquera tamaño. Ademais, afecta á saúde e a seguridade das persoas, pero tamén á saúde das organizacións e das economías nacionais. En Europa, é o segundo problema de saúde máis común no traballo, afectando ao 22% dos traballadores. - O estrés pode poñer en perigo a seguridade no lugar de traballo e contribuír a outros problemas de saúde laboral, como os trastornos osteomusculares e cardiovasculares. - Ademais, afecta de forma importante aos resultados das organizacións. En estudos realizados en Europa e noutros países desenvolvidos observouse que o estrés é un factor presente no 50% ao 60% dos días laborais perdidos. - Tras as enfermidades osteomusculares, a segunda causa de baixa laboral, temporal e permanente, ocúpana os problemas de saúde mental. - A incidencia do acoso laboral estímase a nivel europeo nun 2,7%, e a nivel español entre 1,4 e 2,9%. - O custo económico anual do estrés laboral en Europa estímase en 20.000 millóns de euros. - En 2007, os custos totais de produtividade derivados do absentismo por problemas de saúde mental foron de 136.000 millóns de euros.

Fonte: Ministerio de Sanidad (2022b).

5.1.2.2. Informes do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

O Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST), é un organismo público español que ten como misión o estudo científico e técnico daquelas cuestións relacionadas coa seguridade e a saúde no traballo. Por tanto, ten unha gran relevancia no tema que estamos a analizar porque entre as súas funcións está reducir os riscos laborais, os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. A saúde mental é hoxe un deses riscos. Polo seu labor de asesoría, os seus informes son relevantes no marco laboral.

Precisamente, no ano 2023 realizou un informe sobre a saúde mental no traballo (INSST, 2023) utilizando varias enquisas, como a de poboación activa, accidentes de traballo por patoloxías non traumáticas, accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo e a enquisa europea de saúde. Pero os resultados publicados deben ser considerados con cautela, dado que se aprecia confusión en distintos aspectos técnicos (ex., confúndense síntomas e trastornos, factores de risco con consecuencias).

Cando falan de factores como estrés, ansiedade ou depresión, os datos son incorrectos (falan dun 0,4% na análise de accidentes laborais e problemas de saúde e relacionados co traballo, cando a cifra é moito máis alta) (ver Táboa 5.8). O mesmo pasa cos accidentes de traballo, no que apenas se recollen causas de trastornos mentais sinalando a consecuencia física do accidente. Por tanto, este informe leva á confusión e a infravalorar a realidade dos trastornos mentais a nivel laboral.

Táboa 5.8. Prevalencia da exposición a factores laborais con efectos negativos sobre a saúde mental por sexo.

Factores laborais	*Homes*	*Mulleres*	*Total*
Presión de tempo ou sobrecarga de traballo	31,6%	32,2%	31,9%
Trato difícil con clientes, paciente, alumnos	14,2%	18,7%	16,2%
Inseguridade laboral	11,6%	11,0%	11,3%
Mala comunicación ou cooperación dentro da organización	7,4%	7,9%	7,7%
Falta de autonomía ou de influencia sobre o ritmo ou procedemento de traballo	5,3%	5,3%	5,3%
Violencia ou ameaza de violencia	3,6%	4,1%	3,8%
Acoso ou intimidación	3,0%	3,1%	3,0%

Fonte: INSST (2023, páx. 14).

Desde a Vicepresidencia segunda do Goberno, Ministerio de Traballo e Economía Social elaborouse outro informe no ano 2023, sobre a relación entre a precariedade laboral e a saúde mental (VSG, MTES, 2023). É un informe realizado por unha comisión formada por 11 persoas, que adoece quizais de escasa participación de expertos do campo sanitario e laboral, do mesmo xeito que no comité científico-social externo. Dos 11 membros só dous teñen práctica clínica e os demais son do campo do dereito, filosofía, socioloxía, política, xestores ou investigadores. Debe sinalarse tamén que, aínda que así o indican, este non sería o primeiro estudo realizado sobre a relación entre precariedade laboral e saúde mental, dado que xa existen traballos previos da OMS, Unión Europea, Organización Internacional do Traballo e das organizacións sindicais e empresariais españolas ao respecto.

O marco global do informe é reducir a precariedade laboral, asumindo que esta é a "causa", ou "única causa" dos problemas de saúde mental. Trátase máis ben dun estudo sociolóxico-político, no que hai importantes lagoas acerca de como incide na saúde

mental a precariedade laboral e as condicións de traballo. Está confirmada a existencia de tal relación, pero non é a "causa" exclusiva da pobre ou mala saúde mental. A deficiencia técnica deste informe impídenos sacar información relevante, ao non recoller datos concretos e achegando unicamente opinións, carecendo, por tanto, de fundamentación científica.

5.1.2.3. Informes de organizacións sindicais, asociacións de saúde mental e doutras asociacións ou organismos

A saúde mental vén sendo un tema de preocupación por parte de distintos sectores sociais, proba diso son as organizacións sindicais e empresariais. Así, tanto a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UXT) (2023), como Comisións Obreiras (CCOO) (2023), e a Confederación Intersindical Galega (CIG), elaboraron en anos recentes documentos sobre a saúde mental no traballo.

O informe máis amplo, de UXT (2023), fai unha revisión do tema, insistindo nas novas formas de traballo (ex., teletraballo), a falta de traballo ou perda de emprego, así como o incremento dos problemas de saúde mental, cunha adecuada descrición de como é o noso mercado laboral (ex., alto desemprego, pequenas e medianas empresas, o peso dos servizos, soldos baixos e precariedade laboral, o manexo das baixas laborais). Un dato relevante que achegan é que no ano 2023 perdéronse en España máis de 396 millóns de xornadas laborais, como consecuencia dos procesos de incapacidade laboral temporal (ILT), unha cifra que supón elevar nun 62% as xornadas perdidas respecto ao ano 2018.

Fan referencia á importancia do estrés laboral, o problema do suicidio, a temporalidade e inseguridade laboral, as longas xornadas laborais e a enorme incidencia da pandemia do covid-19, entre outros aspectos. De interese para o presente informe son as recomendacións que fan para mellorar a saúde mental no traballo, que se recollen na Táboa 5.9.

Táboa 5.9. Propostas da UXT en relación á saúde mental.

- Elaboración, coa participación dos interlocutores sociais, dunha directiva comunitaria especifica de seguridade e saúde no traballo dirixida a regular a xestión dos riscos psicosociais nas empresas no que se afronte de forma decisiva a xestión algorítmica e de intelixencia artificial. - Actualizar a Lei de Prevención de Riscos Laborais para adaptala ás novas realidades do traballo, introducindo as avaliacións e as medidas preventivas relacionadas coa saúde mental e os riscos específicos da dixitalización na empresa. - Elaboración dunha normativa diferenciada sobre a xestión dos riscos psicosociais de orixe laboral, para o noso país. - Dotar de perspectiva de xénero á prevención de riscos laborais. - Negociación, no seo das empresas, de protocolos contra o estrés laboral, a violencia no traballo e o acoso laboral. - Garantir a reparación do dano á saúde mental, así como evitar que volva suceder, actuando desde unha perspectiva preventiva. - Actualización da listaxe española de enfermidades profesionais, para que sexan incluídas as patoloxías derivadas da saúde mental e os trastornos mentais vinculados ao traballo.

- Formar e dotar de ferramentas ás persoas traballadoras para que poidan identificar e saber actuar ante as distintas situacións que poden afectar á súa saúde mental e que teñen lugar na contorna laboral.
- Formar ás persoas traballadoras para que poidan adaptarse mellor á transición dixital do mundo laboral.
- Articular un plan de choque contra a sinistralidade laboral de forma urxente, a través da apertura dunha Mesa de Diálogo Social. Entre as liñas deste plan de choque non pode faltar a redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora.
- Creación dunha figura a nivel estatal, similar á do Delegado/a Territorial de Prevención de Riscos Laborais, existente nalgunhas CCAA.
- Incrementar os investimentos en saúde mental, tanto as empresas como nas administracións.
- Promover a xestión preventiva no seo da empresa evitando a externalización masiva.
- Abordar a falta de calidade da xestión preventiva dos servizos de prevención alleos, a través dunha revisión e modificación da Orde TIN/2504/2010 do 20 de setembro.
- Promover a aprobación dunha nova normativa de mutuas que vele, realmente, polos intereses da saúde de todos os traballadores e traballadoras e a erradicación das malas prácticas realizadas por algunhas mutuas na xestión das continxencias profesionais.
- Mellora da calidade do servizo das mutuas ás persoas accidentadas ou afectadas por enfermidades profesionais e relacionadas co traballo, contando cos medios necesarios, incrementando os medios de psicólogos e psiquiatras, para atender os danos á saúde mental causados polo traballo.
- Reforzo da Inspección de Traballo, con medios humanos e materiais, para que vixíe o cumprimento da Lei. Instamos a cumprir coa recomendación da OIT de dispoñer dun inspector/a por cada 10.000 persoas traballadoras.
- Establecer protocolos de prevención e intervención das adiccións nas empresas a través da negociación colectiva.

Fonte: UGT (2023).

O informe de Comisións Obreiras (FSC-CCOO, 2022), sobre traballo e saúde mental, vai na mesma liña. Como exemplo, indican na súa introdución que "hai determinadas condicións laborais e medidas relacionadas coa organización do traballo que poden impactar negativamente na saúde física, psíquica ou social das traballadoras e traballadores. Son os chamados factores de risco psicosociais" (páx. 1).

De igual modo, a Confederación Intersindical Galega (CIG), elaborou distintos documentos sobre saúde mental. Deles destaca o monográfico que publicou en 2021 titulado "A problemática dá saúde mental. Unha pandemia que xa está entre nós" (CIG Saúde Laboral, 2021). Nela fan un percorrido das consecuencias da pandemia producida polo covid-19 na saúde mental e como a mesma está a incidir no campo laboral. Por exemplo, entre as causas relacionadas co ámbito laboral que empeoran a saúde mental sinalan: as cargas de traballo excesivas; esixencias contraditorias e falta de claridade nas funcións para desempeñar; comunicación ineficaz, pouco asertiva e falta de apoio por parte de directivos ou compañeiros; prácticas de acoso laboral e sexual consentidas pola empresa; precariedade e incerteza laboral; e, poucas posibilidades de conciliación laboral, persoal e familiar.

Igualmente, dispoñemos de informes sobre a relación entre saúde mental e traballo elaborados por asociacións de saúde mental. Como exemplo, o informe da Federación de Saúde Mental Castela e León (2021) céntrase na desigualdade no ámbito laboral, que sofren as persoas con discapacidade e as que teñen problemas de saúde mental. Dentro

das barreiras de acceso ao emprego para persoas con problemas de saúde mental destacan o estigma, o rexeitamento das empresas e a baixa autoestima e desmotivación que estas persoas teñen. Especificamente, as persoas con problemas de saúde mental indican que as súas principais dificultades para buscar emprego e mantelo son: residencia en localidades ou municipios pequenos con pouca oferta; ofertas de emprego escasas, precarias e temporais; horarios; a crise derivada da pandemia por covid-19; e, a autoestima que teñen, danada polo rexeitamento e o estigma.

O informe conclúe que: 1) é necesario ofrecer máis información tanto sobre saúde mental e emprego, como sobre as adaptacións necesarias para persoas con problemas de saúde mental nos seus postos de traballo; 2) hai que concienciar e sensibilizar para derrubar o estigma existente sobre saúde mental; e, 3) as empresas van animándose cada vez máis no apoio á diversidade e a inclusión. Ademais, tamén recollen unha guía para empregadores para promover a saúde mental no lugar de traballo.

Destaca tamén o manual sobre saúde mental e contorna laboral elaborado pola Federación Saúde Mental Comunidade Valenciana (2023), no que insisten na necesidade do traballo para as persoas e como este axuda na recuperación ás persoas con problemas de saúde mental. Por iso, propoñen incorporar no medio laboral estratexias de prevención e de promoción da saúde mental. Analizan os temas clásicos desta área, insistindo na necesidade de contornas de traballo seguros e sans. Na Táboa 5.10 indícanse os beneficios de promover a saúde mental na empresa.

Táboa 5.10. Beneficios de promover a saúde mental na empresa.

Beneficios para a empresa
- Permiten reducir o absentismo, aumentar a produtividade e mellorar o clima laboral.
- Cando as persoas contan cun bo nivel de saúde física e emocional, renden máis.
- Ademais, coidar da saúde das persoas axuda a captar talento de calidade, especialmente entre as novas xeracións.
- O valor reputacional dunha organización cun bo clima laboral reflíctese a todos os niveis. Non só mellora a súa imaxe como empresa empregadora, senón que o trato que reciben clientes e provedores por parte do persoal verase positivamente influenciado.
- Un bo clima de saúde emocional na empresa reflíctese tamén no cumprimento de obxectivos, tanto os individuais como os do equipo e da organización.
- Aumenta o compromiso coa organización porque mellora a motivación e a comunicación entre o persoal.
- Facilita liderados máis saudables e xera círculos virtuosos: as actitudes positivas obteñen mellores respostas.
- Favorece a incorporación de persoas en risco de exclusión (persoas con discapacidade, exreclusas, migrantes novos, mulleres vítimas de violencia de xénero, ...).

Beneficios para a persoa traballadora
- Fomenta a autoestima e realización persoal.
- Enriquece as relacións interpersoais, mellorando unha interacción social positiva
- Minimiza os conflitos interpersoais.
- Mellora a autonomía persoal.
- Crece a motivación e satisfacción laboral.
- Mellora da saúde física e mental.
- Prevén enfermidades cardiovasculares e fortalece a saúde física.

- Diminúen os accidentes laborais. - Reducen e/ou preveñen o consumo de substancias tóxicas ou estimulantes. - Reduce os niveis de estrés e outras enfermidades profesionais. - Permite desenvolver estratexias de afrontamento e mellorar a resiliencia ante situacións adversas tanto dentro como fóra do traballo. *Beneficios para a sociedade* - A sociedade conta con empresas socialmente responsables cuxos beneficios repercuten na mellora da calidade de vida da poboación. - Moitas das políticas que se desenvolven nas empresas son tamén importantes para a saúde pública con relación á prevención de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e a promoción de hábitos saudables. - Mellora a saúde mental do conxunto da sociedade.

Fonte: Federación Salud Mental Comunidad Valenciana (2023).

Nesta liña tamén destaca a guía da Confederación de Saúde Mental España (2022) e outras previas de tipo máis aplicado como a de Cambrero *et al.* (2017).

5.1.2.4. Informe do Consello Económico e Social de España

O Consello Económico e Social de España (CES, 2024) elaborou un amplo informe sobre "*O sistema sanitario: situación actual e perspectivas para o futuro".* Nel revisaron todos os aspectos da sanidade española, incluíndo un pequeno apartado sobre a saúde mental, incardinada neste caso na asistencia sanitaria, máis que a nivel laboral. Deste apartado entresacamos as accións xerais que suxiren que habería que poñer en práctica en saúde mental (Táboa 5.11).

Táboa 5.11. Accións no ámbito da saúde mental en atención especializada que propón o CES (2024).

- Actuacións preventivas e de promoción da saúde mental en coordinación con outros recursos sanitarios e non sanitarios. - Diagnóstico e tratamento de trastornos mentais agudos e das reagudizacións de trastornos mentais crónicos, comprendendo o tratamento ambulatorio, as intervencións individuais ou familiares e a hospitalización cando se precise. - Diagnóstico e tratamento de trastornos mentais crónicos, incluída a atención integral á esquizofrenia, abarcando o tratamento ambulatorio, as intervencións individuais e familiares e a rehabilitación. - Diagnóstico e tratamento de condutas adictivas, incluídos alcoholismo e ludopatías. - Diagnóstico e tratamento dos trastornos psicopatolóxicos da infancia/adolescencia, incluída a atención aos nenos con psicoses, autismo e con trastornos de conduta en xeral e alimentaria en particular (anorexia/bulimia), comprendendo o tratamento ambulatorio, as intervencións psicoterapéuticas en hospital de día, a hospitalización cando se precise e o reforzo das condutas saudables. - Atención aos trastornos de saúde mental derivados das situacións de risco ou exclusión social. - Información e asesoramento ás persoas vinculadas ao paciente, especialmente ao coidador/a principal.

Á súa vez, nas súas recomendacións finais, o CES considera que é prioritario concretar, actualizar e mellorar a carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde e, de modo especial, en saúde mental, xunto a fortalecer o modelo integral de atención á saúde mental. As propostas concretas que fan recóllense na Táboa 5.12.

Táboa 5.12. Recomendacións que fai o CES (2024) sobre a saúde mental en España.

- Aumentar os recursos dedicados á saúde mental e estender un enfoque terapéutico integral á mesma garantindo a atención multidisciplinar, a continuidade asistencial e a perspectiva de equidade. - O Sistema Nacional de Saúde debe ampliar a dotación de medios para afrontar os problemas de saúde mental, tanto de recursos humanos especializados (incluíndo psiquiatría e psicoloxía infanto-xuvenil), como de dispositivos. - Mellorar a dimensión preventiva na abordaxe da saúde mental en toda a poboación, incluída a poboación infantil e adolescente, prestando especial atención ás tecnoloxías da comunicación e as redes sociais como factores de risco, así como ás condutas potencialmente adictivas.

5.1.3. Informes autonómicos

5.1.3.1. Informes do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) é un órgano técnico da Xunta de Galicia orientado á prevención de riscos laborais. Céntrase na seguridade e saúde laboral co obxectivo de reducir ou eliminar os riscos laborais. Nel están representados os sindicatos e os empresarios, recompilando datos, facendo labores de prevención (ex., organizando cursos, xornadas), asesorando a empresas e presentando datos sobre a temática en Galicia.

En relación á saúde mental, o ISSGA dispón de datos escasos, dado que as bases que utilizan son as dos partes de accidentes de traballo, enfermidades profesionais da Seguridade Social e a das patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo. Na súa páxina web pódese acceder a toda esta información (https://issga.xunta.gal). No informe "*Patoloxías non traumáticas e danos psicolóxicos. Galicia. 2013-2022*" (ISGGA, 2023), os danos psicolóxicos recollidos son escasos (ex., só se recollen 22 para todo o ano 2022). Unha posible explicación é que, con frecuencia, estes aspectos non se recollen porque se o traballador ten un problema de saúde mental acode preferentemente ao sistema sanitario e, cando hai un accidente, non sempre se indican as causas psicolóxicas, de habelas no mesmo. De todos os xeitos, este informe abre unha nova vía para analizar este tipo de riscos nos traballadores.

5.1.3.2. Posición dos sindicatos maioritarios e da confederación de empresarios de Galicia

Polo seu interese, nas Táboas 5.13 e 5.14 aparecen resumidas as opinións dos sindicatos máis representativos no ámbito galego (CIG, CCOO, UXT) e da Confederación de Empresarios de Galicia, a través da contestación a unha enquisa que se elaborou especificamente para o presente informe.

Táboa 5.13. Posición dos sindicatos maioritarios galegos (CIG, CCOO, UXT) ante a saúde mental.

Coinciden en que coa pandemia producida polo covid-19 incrementáronse os problemas de saúde mental, cunha clara incidencia dos mesmos no mundo laboral, sufrindo aínda na actualidade estas consecuencias. As persoas están moitas horas do seu tempo no traballo, e sofren diversos problemas e tamén trastornos de saúde mental, ás veces debido ás condicións laborais ou agravados polas mesmas. O traballo é unha parte esencial da vida das persoas, pero, cando xorden problemas de saúde mental, as empresas adoitan achacalos en exclusiva a situacións persoais, quizais debido á escasa conciencia social sobre a saúde mental. A nivel laboral non se considera a saúde mental coa relevancia que ten e a prevención de riscos psicosociais non se fai na medida necesaria. A realidade é que as baixas laborais por problemas de saúde mental están ao redor do 10% do total.

Consideran que as condicións laborais actuais producidas polos cambios sociais acelerados, en gran medida pola pandemia, son moitas veces determinantes dos problemas de saúde mental, tales como o incremento das novas tecnoloxías no traballo, os cambios laborais dos últimos anos (ex., teletraballo, mobilidade); maior inestabilidade laboral; competitividade; eficiencia; falta de tempos de descanso; presión produtiva; sobrecarga de traballo; baixos salarios; mal clima laboral; precariedade laboral; falta de conciliación; estrés laboral; discriminación laboral ou acoso; escasa participación nas decisións; entre outras.

Indican que a presenza de trastornos mentais, moitos deles derivados do estrés e relacionados coa depresión, teñen unha gran incidencia nos custos laborais e na perda de produción. Pero os problemas de saúde mental non están recoñecidos como enfermidade profesional nin polas mutuas nin polas empresas. De aí a súa preocupación ante o continuo incremento dos problemas de saúde mental a nivel laboral. Consideran que mellorar a saúde mental levaría a reducir as situacións de incapacidade laboral temporal. Indican que as normativas en vigor, como o Estatuto dos Traballadores ou a Lei de Prevención de Riscos Laborais, son xenéricas en relación á saúde mental e deben mellorarse. Ademais, no caso das persoas con discapacidade e que teñen problemas de saúde mental, a normativa actual é insuficiente no campo laboral. Os servizos de vixilancia da saúde céntranse na seguridade e hixiene, deixando máis á marxe os riscos psicosociais e, por tanto, os trastornos mentais que se poden producir a nivel laboral.

Teñen unha especial preocupación polo suicidio, xunto aos problemas máis frecuentes que se recollen nas incapacidades laborais temporais, como son o estrés, a ansiedade e a depresión. Ademais, sinalan a súa preocupación polas adiccións e o alto consumo de psicofármacos que hai na actualidade.

Valoran negativamente a atención que se presta actualmente en Galicia á saúde mental, pola falta de recursos económicos, profesionais e técnicos. Consideran especialmente negativo que moitas persoas teñan que acudir á atención privada, non sendo posible que aqueles con menos recursos poidan facelo. Cren que hai unha carencia de profesionais da Psicoloxía na sanidade pública e nas mutuas de accidentes de traballo e que os recursos actualmente dedicados á saúde mental en Galicia son insuficientes. Sinalan a necesidade de dotar con máis medios á saúde mental, tanto cun maior número de facultativos como dos medios técnicos necesarios. De forma máis específica, algunhas medidas que propoñen son: dotar de máis medios sanitario-terapéuticos, crear equipos multidisciplinares, incluír psicólogos clínicos en atención primaria, crear novas unidades específicas de saúde mental, prestar unha especial atención ao suicidio e á súa prevención, priorizar a atención infanto-xuvenil, reducir as listas de espera, detección precoz destes problemas, previr os riscos psicosociais para evitar o desenvolvemento de trastornos mentais, e a coordinación entre os distintos

niveis asistenciais. Doutra banda, valoran positivamente a existencia de recursos comunitarios de saúde mental (ex., asociacións de pacientes e familiares), pero só se son complementarios á atención en saúde mental desde a atención pública.

Están de acordo coas liñas que propón o Plan de Acción de Saúde Mental 2022-24 do Ministerio de Sanidade, que incide en: reforzar os recursos humanos en saúde mental; optimizar a atención integral á saúde mental en todos os ámbitos do Sistema Nacional de Saúde; sensibilizar e loitar contra a estigmatización das persoas con problemas de saúde mental; prevención, detección precoz e atención á conduta suicida; abordar os problemas de saúde mental en contextos de maior vulnerabilidade; e prevención de condutas adictivas con e sen substancias.

As súas principais propostas para mellorar a situación da atención á saúde mental, cunha visión especial desde o campo laboral, son as de facer unha avaliación anual dos riscos psicosociais nas empresas e centros de traballo; a nivel sanitario, dotar de máis profesionais e recursos para a atención á saúde mental (cunha atención especial á atención primaria, coa necesidade de introducir psicólogos/as clínicos, xunto a ampliar o número de profesionais da saúde mental nos dispositivos especializados e crear outros novos); e a nivel político, dedicar máis recursos á sanidade pública e facer cambios normativos e lexislativos para facer efectiva a prevención da saúde nas empresas, que faciliten políticas activas de emprego e de inserción laboral para as persoas con problemas de saúde mental, e fágase ver a relevancia da saúde mental a nivel laboral. Finalmente, que as empresas invistan máis en saúde mental.

Táboa 5.14. Posición da Confederación de Empresarios de Galicia sobre a saúde mental.

Primeiramente, consideran que o actual incremento dos problemas de saúde mental débese a unha combinación de distintos factores, sociais, económicos e demográficos. Indican que o envellecemento da poboación galega incrementa as patoloxías de orixe neurodexenerativo, ao que engaden as crises (financeira, pandémica, enerxética), que incrementan a incerteza no futuro e os cambios a nivel laboral, xunto ao xurdimento de novos temas como a dixitalización, uso de redes sociais, etc., que neste último caso impacta especialmente nas franxas de idades novas.

Están de acordo en que se debe diferenciar saúde mental, como concepto máis amplo, dos riscos psicosociais, os cales son parte da prevención de riscos laborais na empresa.

Indican que actualmente hai máis conciencia social acerca dos problemas de saúde mental e que debe aumentarse a resiliencia da poboación, evitar a estigmatización e que este é un problema que hai que afrontar e resolver.

Respecto ao modo de preservar a saúde mental no traballo, indican que debe mellorarse a prevención de riscos psicosociais nas empresas, que é unha parte da prevención dos riscos laborais, ata o de agora considerada a parte máis débil da devandita prevención. A saúde mental é un concepto máis amplo que o da prevención de riscos psicosociais, a cal teñen que realizar as empresas. Mentres que a prevención de riscos psicosociais é obrigatoria, o resto de accións son consideradas como voluntarias. Cando se fan, son empresas grandes as que as realizan (ex., programas de vida saudable ou mellorar de hábitos de saúde dos seus traballadores).

Os problemas de saúde mental son actualmente unha preocupación para as organizacións sindicais e empresariais, indicando que dentro do diálogo social a saúde mental está incluída dentro da Estratexia de Seguridade e Saúde Laboral Horizonte 2027. Isto leva a que cada vez máis empresas dean relevancia aos hábitos de vida saudable (ex., alimentación, práctica deportiva).

Sobre factores como o estrés, presión laboral, competitividade, eficiencia, etc., están de acordo en que estes aspectos impactan no ámbito laboral. De aí a necesidade da súa adecuada xestión. Estes problemas incrementáronse pola irrupción da dixitalización na contorna produtiva, levando á necesidade de incidir en aspectos de xestión adecuada (ex., desconexión dixital, protocolos de acoso, incluíndo o ciberacoso ou outros).

Para reducir custos laborais causados polo absentismo, presentismo e perda de produtividade, cando están relacionados coa saúde mental, indican que hai que establecer programas que faciliten unha visión non estigmatizadora das persoas que padecen estes problemas de saúde mental e incidir na incorporación ao seu posto de traballo tras unha baixa prolongada por problemas de saúde mental. Galicia ten unha problemática moi acusada pola duración media das baixas por ITCC, que é superior á do estado (sobre 30 días máis).

Sobre os servizos de vixilancia da saúde das empresas e a súa atención aos problemas de saúde mental, apuntan que tales servizos están obrigados a realizar a vixilancia da saúde mediante servizos propios ou concertados. Avalían a saúde mental desde a perspectiva do risco psicosocial (avaliación de riscos laborais) pero non desde unha visión máis "holística" da persoa traballadora que englobe a súa saúde mental. Só se avalía o risco psicosocial desde o punto de vista das condicións laborais (carga de traballo, ritmos de traballo, clima laboral, etc.).

Sobre que habería que mellorar para prestar unha mellor atención á saúde mental en Galicia, consideran que deben mellorarse os recursos, sobre todo a de introducir especialistas en psicoloxía dentro da atención sanitaria, tanto primaria como especializada. Os recursos existentes a nivel público é necesario melloralos moito, con estratexias tanto a medio como a longo prazo. Ademais, en Galicia hai unha proporción importante de persoas maiores, o que esixe unha maior atención psicolóxica. O envellecemento conleva un maior risco de soidade e de padecer enfermidades neurodexenerativas, todo iso agravado polo despoboamento do rural. Neste sentido, a introdución de recursos comunitarios (ex., asociación de pacientes con trastornos mentais) considérano moi positivo porque permite reducir o illamento social, pero estes recursos non deben substituír a atención de especialistas no sistema sanitario. En suma, que para mellorar a atención prestada á saúde mental en Galicia é necesario incrementar o número de profesionais especialistas no sistema.

Sobre as liñas que propón o Plan de Acción de Saúde Mental 2022-24 do Ministerio de Sanidade, están totalmente de acordo con elas.

En relación ao Estatuto dos Traballadores e a Lei de Prevención de Riscos Laborais, indican que tales normativas están deseñadas para abordar o risco psicosocial dentro do traballo, non outros aspectos. Así, sobre as incapacidades laborais permanentes por problemas de saúde mental, consideran que hai un problema de falta de profesionais especialistas, aspecto que debe mellorarse, sobre todo porque cada vez hai un maior número por causas psicolóxicas e estas teñen cada vez unha maior duración.

Sobre as recomendacións que farían chegar aos responsables dos distintos actores implicados para mellorar a saúde mental en Galicia, indican que a nivel laboral debería mellorarse a xestión do risco psicosocial (sen obviar outros recollidos na prevención de riscos laborais) a través da mellora da avaliación de riscos; a nivel sanitario, a incorporación de profesionais da Psicoloxía na atención primaria e especializada; e, a nivel político, mellorar os recursos para unha adecuada atención, así como incidir en plans de actuación con medidas concretas e orzamentarias.

5.2. Factores de risco e de protección laboral para a saúde mental

Lévase décadas estudando os factores de risco e de protección a nivel laboral tanto para a saúde física como para a saúde mental. Os de risco adoitan enmarcarse no que tamén se denominan riscos psicosociais. Da ampla literatura existente, a síntese de Op de Broeck *et al.*. (2009) é unha das máis completas e aceptadas (Táboa 5.15). Na Táboa 5.16 recóllese a clasificación máis ampla, de Leka e Cox (2008) acerca dos perigos psicosociais no lugar de traballo.

Os factores de risco para a saúde mental no ámbito laboral, clasifícaos Op de Broeck *et al.* (1989) en persoais e sociais, que ás veces teñen unha gran relevancia, específicos do posto de traballo e factores socioeconómicos de tipo macro, os cales inciden tanto no acceso ao traballo, como ao tipo de traballo, calidade do mesmo, ou na lexislación vixente no mercado laboral. Por iso é polo que hai que ver o tema cunha perspectiva ampla e, ás veces complexa.

Táboa 5.15. Factores de risco para a saúde mental.

Factores persoais e sociais
- Xenética.
- Experiencias persoais.
- Sucesos vitais.
- Incidentes traumáticos.
- Apoio social.
- Capacidade de xestión dos problemas.
- Recursos.
- Comportamentos persoais relacionados coa saúde, como o consumo de alcol e drogas.

Posto de traballo
- Contido do traballo.
- Carga laboral e ritmo de traballo.
- Horarios de traballo.
- Control.
- Contorna e equipo.
- Cultura organizativa e función.
- Relacións interpersoais no traballo.
- Función na organización.
- Desenvolvemento profesional.
- Violencia e acoso.

Factores socioeconómicos
- Economía e mercado laboral.
  . Desemprego ou ameaza de desemprego.
  . Tipo de contrato de traballo.
  . Seguridade laboral.
  . Menos dispoñibilidade de servizos.
  . Ingresos.
- Xeografía.
- Lexislación.
  . Laboral.

. Benestar. . Saúde e seguridade no traballo.

Fonte: Op de Broeck *et al.* (2009).

Táboa 5.16. Perigos psicosociais no lugar de traballo.

Tipo de perigo	*Definición*
Carga laboral e ritmo de traballo	Carga laboral excesiva ou insuficiente, ritmo fixado por unha máquina, nivel elevado de presión temporal, traballo rexido continuamente por prazos.
Contido do traballo	Ciclos de traballo monótonos ou curtos, traballo fragmentado ou de pouca utilidade, desaproveitamento das competencias, nivel elevado de incerteza, exposición continuada a outras persoas durante o traballo.
Control	Escasa participación na adopción de decisións, imposibilidade de controlar a carga de traballo, o ritmo, as quendas, etc.
Cultura organizativa e función	Mala comunicación, nivel reducido de asistencia para a resolución de problemas e para o desenvolvemento persoal, falta de precisión ou de acordo no relativo aos obxectivos da organización.
Desenvolvemento profesional	Estancamento e incerteza profesionais, exceso ou falta de promoción, salario baixo, inseguridade laboral, reducido valor social do traballo.
Contorna e equipo	Equipo inadecuado, equipo dispoñible, adecuación ou mantemento, malas condicións ambientais, como falta de espazo, mala iluminación ou exceso de ruído.
Función da organización	Ambigüidade das funcións, conflitos entre funcións, responsabilidade dos individuos.
Horario de traballo	Traballo por quendas, quendas de noite, horarios de traballo ríxidos, horarios imprevisibles, xornadas de longa duración ou difíciles de compatibilizar coa vida social.
Interrelación entre vida privada e a laboral	Conflito de necesidades entre a vida privada e a laboral, falta de apoio no fogar, problemas de dobre carreira.
Relacións interpersoais no traballo	Exclusión ou illamento social ou físico, mala relación cos cargos superiores, conflitos interpersoais, falta de apoio social, intimidación.

Fonte: PRIMA *Psychosocial Risk Management Excellence Framework* (Leka e Cox, 2008, páx. 2).

O traballo é un claro factor de protección para a saúde mental (Rugulies *et al.,* 2023). Traballar cumpre funcións latentes das que deriva o seu significado psicolóxico: estrutura temporal, identidade, integración social e sentido vital. Esta perspectiva resulta coherente coas recentes contribucións que posicionan o emprego como determinante social clave da saúde mental, especialmente nos países de renda alta (Burdorf *et al.,* 2023; Frank *et al*., 2023).

Outra cuestión relevante é que hai por unha banda un risco emerxente (vinculado ás novas formas de organización do traballo, como o uso intensivo de plataformas dixitais, o control algorítmico ou a hiperconectividade) e a emerxencia social do risco (cando determinados problemas alcanzan centralidade pública e institucional, como ocorreu coa

saúde mental tras a pandemia) (Montes *et al.,* 2023; Szekér *et al.,* 2023). Isto foi relevante para comprender o interese que xurdiu pola saúde mental, no eido laboral, social e sanitario, e a correspondente demanda de intervención en saúde mental.

5.3. Principais problemas de saúde mental no traballo

No caso de Australia imos deternos nos programas preventivos para o suicidio que se levan a cabo en áreas rurais nas que teñen altas taxas de suicidios. Alí teñen un importante programa nacional para a prevención do suicidio xa que considérano un tema prioritario dentro da saúde mental. Así, o programa Bo Espazo (*Good SPACE*) oriéntase a mellorar a información sobre o suicidio en toda a comunidade, detectar ás persoas vulnerables e axudarlles na súa comunidade local. É un programa breve, de só catro horas para os participantes, complementado con formación adicional para os médicos de atención primaria e outros clínicos. O mesmo foise adaptando co paso dos anos a distintos grupos étnicos. Aplícao o Departamento Australiano de Saúde, dentro da Estratexia Nacional de Prevención do Suicidio desde o ano 2007. O programa mostra resultados

positivos. A maioría dos participantes son mulleres, case o 80%, o que é unha limitación, dado que os que máis consuman o suicidio son homes.

En España, como en Galicia, están a realizarse desde hai anos accións orientadas á formación dos profesionais na detección e prevención do suicidio. Como exemplo, en Vicente *et al.* (2024) poden verse os cursos de formación continuada realizados a nivel nacional sobre suicidio e depresión en poboación infanto-xuvenil para profesionais sanitarios de atención primaria. No ano 2023 en Galicia realizáronse cinco cursos.

En Galicia temos programas preventivos da conduta suicida e unidades específicas para o tratamento do suicidio (estas vímolas nun capítulo previo). Dentro das accións de prevención do suicidio a nivel escolar destaca o programa YAM (*Youth Aware of Mental Health;* Mocidade Consciente da Saúde Mental) (https://www.y-a-m.org/wp-content/uploads/2022/05/yam_info-sheet_general-public.pdf). É un programa preventivo escolar para mozos e mozas de 13 a 17 anos. O programa avaliouse nun ensaio clínico, no que participaron varios países europeos, e onde mostrou unha redución ao redor do 50% nos intentos de suicidio e ideación suicida, e nun 30% os casos de depresión (Kahn *et al.*, 2020).

O programa YAM analiza as emocións dos mozos e mozas, como afrontar distintas situacións da vida, e como afrontar se lles xorden problemas relacionados coa saúde mental. Dá moito peso ao apoio dos compañeiros que se senten mal e a que busquen o seu apoio cando o necesiten. Igualmente, dar a coñecer os distintos recursos existentes en saúde mental e como poden acudir a eles. Pode verse información sobre o mesmo en: https://www.sergas.es/asistencia-sanitaria/documents/1740/folletoprogenitores.pdf.

Dado que os trastornos mentais son un importante factor de risco para a conduta suicida, o seu tratamento farmacolóxico ou psicolóxico, redúceo naquelas persoas que están en situación de risco de suicidio. Por iso, a nivel terapéutico, o suicidio pódese previr, no caso da depresión, con adecuados tratamentos farmacolóxicos e psicolóxicos; no trastorno bipolar pódese previr con litio; e con clozapina en pacientes con psicoses (Zalsman *et al.*, 2016). Ademais, é importante ter en conta que cando hai risco de suicidio debe restrinxirse o posible modo de poder consumalo (Avalia-t, 2012; WHO, 2014).

Finalizamos con varias cuestións que hai que ter en conta cara ao inmediato futuro desta temática, como é reforzar a utilización de Apps para previr a conduta suicida, tanto pola súa facilidade de acceso como de uso, sobre todo para os que o precisan (Bennett-Poyter *et al.*, 2025); mellorar os programas preventivos asumindo que estamos ante unha conduta dunha gran complexidade e que nos queda aínda moito camiño por percorrer para ter un programa preventivo que chegue a todas as persoas que se queiran suicidar (Kirshnamoorthy *et al.*, 2025); e, ter moi en conta que calquera cambio positivo que logremos cun programa preventivo para a conduta suicida, por pequeno que sexa, vai implicar salvar vidas humanas (Griffin *et al.*, 2025).

10.4. A prevención dos trastornos de ansiedade

A ansiedade é a sensación de preocupación, nerviosismo ou inquietude provocada por un suceso inminente ou por unha situación que ten un resultado incerto (Brewer, 2021). A ansiedade descríbese como unha combinación de medo e incerteza. Na actualidade vivimos nunha sociedade na que temos acceso a un excesivo volume de información, difícil de manexar en moitos casos e pouco fiable noutros. Isto xera incerteza, dado que con frecuencia a información recibida é contraditoria e, ademais, ten importantes consecuencias á hora de tomar decisións, dada a sobrecarga de eleccións a realizar.

A OMS (2023) sinala que, na mesma liña que outros problemas de saúde mental, a aparición dos trastornos de ansiedade está determinada por factores biolóxicos, psicolóxicos e sociais, de aí a necesidade de actuar, á hora de previr a súa aparición, desde unha perspectiva multifactorial. Previr a aparición deste tipo de trastornos é clave, non só polo propio sufrimento que estes xeran nas persoas que os sofren, senón tamén porque como consecuencia destes prodúcense cambios no individuo (incremento da presión arterial, tensión muscular, hábitos non saudables…) que poden causar enfermidades como os problemas cardiovasculares.

No ano 2004 a OMS (2004) consideraba dentro do grupo de trastornos de ansiedade a previr especificamente a ansiedade xeneralizada, fobia social e trastorno de estrés postraumático. Dentro das iniciativas recollidas nos programas preventivos baseados na evidencia destacan o incremento da fortaleza emocional e a educación anticipativa, a diminución dos eventos traumáticos ou a exposición aos mesmos e as intervencións posteriores ao trauma.

Dentro dos programas dirixidos a mellorar a fortaleza emocional e cognitiva co obxectivo de previr a aparición dos trastornos de ansiedade, a OMS destaca o programa FRIENDS (Barrett *et al.*, 2000). É un programa cognitivo-condutual que conta con versións para ser aplicado como prevención universal, selectiva ou indicada en diversos contextos (ex., escolas, centros de saúde).

En canto á diminución dos eventos traumáticos, esta acción incluiría os programas preventivos dirixidos a reducir a probabilidade de que sucedan como son os programas escolares para reducir a conduta agresiva, os programas para reducir o abuso a menores ou as accións dirixidas a reducir os conflitos armados e as consecuencias dos mesmos.

Por último, respecto ás intervencións posteriores ao trauma, recollen a utilización da entrevista sobre o estrés de incidentes críticos que facilitaría o procesamento e a ventilación emocional dos sentimentos e emocións nas 24-72 horas posteriores a sufrir un evento traumático. Aínda que non parece ser útil para a prevención da aparición do trastorno por estrés postraumático, é unha intervención que é considerada como positiva por parte das persoas que a reciben (Lizt *et al.*, 2002).

Os programas preventivos para a ansiedade desenvolvéronse, do mesmo xeito que a maioría dos programas preventivos, entre a poboación máis nova. Feiss *et al.* (2019), analizando programas preventivos de tipo universal en adolescentes de entre 11 e 18 anos, atoparon que producen unha diminución da sintomatoloxía ansiosa pero que non é duradeira. Hughe-Jones *et al.* (2021) revisaron programas de prevención indicada para a ansiedade en nenos e adolescentes e atoparon que poden producir efectos positivos, polo menos durante 12 meses. Por último, no metaanálisis levado a cabo por Rasing *et al.* (2017) conclúen, tras a revisión de 13 estudos con programas dirixidos a adolescentes de alto risco, que entre os 3 e 6 meses posteriores á aplicación do programa prodúcese unha diminución da sintomatoloxía ansiosa, aínda que cun tamaño do efecto pequeno e que non se mantén aos 12 meses.

Dentro dos programas dirixidos a mozos con risco de desenvolver trastornos de ansiedade, atópase o *Coping and Promoting Strength* (Gingsburg, 2009; Gingsburg *et al.*, 2017) dirixido a fillos cuxos pais/nais presentan problemas de ansiedade. Schwartz *et al.* (2019) concluíron que este programa preventivo baseado na terapia cognitivo-condutual destaca por reducir a probabilidade de aparición dos diagnósticos de ansiedade. Consta de oito sesións semanais de 60 minutos e tres sesións mensuais opcionais de reforzo, sendo as dúas primeiras sesións só cos pais e o resto para todos os membros da familia interesados. A intervención céntrase en abordar os factores de risco que se poden modificar nos nenos/as (síntomas elevados de ansiedade, evitación social, cognicións desadaptativas e déficits en habilidades de afrontamento e solución de problemas) e nos

seus pais (intervención sobre as condutas parentais que incrementan a ansiedade como a sobreprotección).

Respecto á poboación de maior idade, a avaliación dos programas de prevención da ansiedade é máis escasa. Moreno-Peral *et al.* (2017) realizaron unha revisión sistemática e un meta-análise de estudos que avaliaban con ensaios clínicos aleatorizados a eficacia de programas de prevención da ansiedade. Do total de 25 estudos analizados, 9 eran en nenos ou adolescentes, 4 en adultos de idade avanzada, 6 en adultos e persoas de idade avanzada e un en adultos e nenos. Conclúen que este tipo de programas reportan resultados positivos na diminución da ansiedade, polo que deberían ser desenvolvidos e implementados en maior medida. Na actualidade este grupo de investigación está a realizar un estudo para avaliar a eficacia dun programa de prevención universal da ansiedade en adultos denominado *prevANS* (Moreno-Peral *et al.*, 2023). Trátase dunha intervención online individualizada baseada nun algoritmo para predicir o risco de trastornos de ansiedade (baixo risco ou moderado-alto). No caso das persoas con risco moderado-alto a intervención baséase no uso de técnicas como a solución de problemas, as habilidades de comunicación e de toma de decisións e a abordaxe das preocupacións e pensamentos automáticos.

10.5. A prevención en drogodependencias e adiccións comportamentais

Un dos campos máis desenvolvidos na prevención é o das drogodependencias. Iso foi debido aos problemas que xurdiron nos anos 70 do século XX coa heroína, en distintos países, incluíndo España, seguido logo de altos consumos de cocaína e cannabis, xunto a outras drogas, e a necesidade de reducir tamén o consumo de alcol e tabaco pola alta mortalidade e morbilidade que producen nas persoas afectadas.

Os programas preventivos de drogas realízanse fundamentalmente na escola (prevención universal), que é onde se chega a máis persoas, e onde mostraron bos niveis de eficacia. Adoitan aplicarse a partir dos 12-14 anos, que é cando se inician os consumos. Tamén se desenvolveron programas preventivos para os pais, así como a nivel comunitario e no eido laboral, como veremos noutro apartado.

Ao longo de varias décadas fóronse perfeccionando os programas preventivos, sendo moitos deles eficaces. O coñecemento dos factores de risco e de protección relacionados co consumo facilitou o seu desenvolvemento. Os obxectivos que se pretenden conseguir na prevención das drogodependencias van desde atrasar a idade de inicio, a limitar o número e tipo de drogas utilizadas, evitar pasar do uso ao abuso e dependencia, ou modificar as condicións da contorna e proporcionar alternativas de vida saudables, entre outras (Becoña 2002).

Dispoñemos de varias fontes para coñecer os programas preventivos eficaces, como as do Observatorio Europeo das Drogas e as Toxicomanías, que ten dúas páxinas para iso, a de EDDRA, ou portal de boas prácticas, e a XChange, que é un rexistro de programas preventivos con avaliación máis estrita. Tamén a base de programas preventivos norteamericanos *Blueprint*, ou en España a web www.prevencionbasadaenlaevidencia.net, e a web do Portal de Boas Prácticas en Redución da Demanda de Drogas da Rexión de Murcia (que pode verse en: *www.buenaspracticasadicciones.es*).

Os programas preventivos para o consumo de drogas na escola mostraron ser eficaces. Tobler (2000) mostrou hai anos como os programas interactivos eran os mellores. Destacamos varios meta-análises realizados para a *Cochrane Collaboration*, sobre a prevención escolar, os de Foxcroft e Tsersvadze (2011a, 2011b) para o alcol, Thomas *et al.* (2013) sobre o tabaco, Faggiano *et al.*(2014) para as distintas drogas, e o

de MacArthur *et al.* (2019) para drogas e outras condutas problema. Neste último, as intervencións universais baseadas na escola teñen un efecto positivo no consumo de alcol e tabaco, podendo ter un efecto beneficioso no consumo de drogas ilícitas e o comportamento antisocial ata os 12 meses de seguimento, en comparación cun grupo de control.

De modo semellante, Espada *et al.* (2015), nun meta-análise sobre a efectividade dos programas preventivos escolares levados a cabo en España, atoparon un tamaño do efecto medio de 0,16. Ao analizar especificamente os compoñentes do programa os máis efectivos son os que se basean na educación para a saúde (d = 0,48); no uso conxunto de materiais orais, escritos e audiovisuais (d = 0,35); e, na administración do programa, o que o leven a cabo profesionais e profesores xuntos (d = 0,25).

Ademais, os programas preventivos de drogas mostraron ser custo-eficientes. Como exemplo, o informe do *Center for Substance Abuse Prevention (CSAP)* norteamericano (Miller e Hendrie, 2008) indica para os programas preventivos de drogas na escola que por cada dólar que se inviste afórranse 18 dólares ao longo da vida. A análise específica de 10 programas preventivos eficaces realizado polo CSAP indica que de cada dólar que se inviste afórranse 15.

En España temos varios programas preventivos avaliados e eficaces, como son o Programa de Adestramento en Habilidades para a Vida, Entre Todos, Xogo de Chaves, Ti Decides, PASE, *Unplugged*, O xogo do bo comportamento, entre os máis importantes (ver Becoña, 2023). Como exemplo, o programa preventivo de referencia no campo escolar, o programa de adestramento en habilidades para a vida (*Life Skills Training, LST*) de Gilbert J. Botvin, é un programa preventivo escolar de tipo universal, que ten tres compoñentes principais: 1) competencia persoal, que ensina habilidades de automanexo, 2) competencia social, que ensina varias habilidades sociais, e 3) resistencia ao consumo de drogas, que ensina contidos relacionados coa saúde, habilidades de resistencia e actitudes e normas pro-saúde. Oriéntase á prevención do consumo de tabaco, alcol e drogas ilegais. Consta de 15 sesións o primeiro ano (11-12 anos), 10 sesións de recordo o segundo ano e outras 5 o terceiro ano (ata os 13-14 anos) do programa. Hai manual do profesor, do alumno, vídeos, e un programa moi estruturado de formación dos profesores que se fai intensivamente nun ou dous días completos. Na súa aplicación utilízanse técnicas interactivas (ex., ensino didáctico, facilitación e discusión en grupo, demostracións en clase e adestramento en habilidades cognitivo-condutuais) (Táboa 10.1). O programa logra reducir un 50% o consumo de tabaco, alcol e cannabis en relación co grupo control (Botvin *et al.*, 1995; Botvin e Griffin, 2012). Ademais, mellora o rendemento académico (Botvin e Griffin, 2015). A análise do seu custo-efectividade indica que por cada dólar investido afórranse 38 dólares (Le *et al.*, 2012).

Táboa 10.1. Compoñentes dun programa de influencia social e adestramento en habilidades para a vida.

Compoñente	*Descrición*
Habilidades de escoita e de comunicación	As habilidades de escoita e de comunicación poden mellorarse aprendendo como facer preguntas abertas-pechadas, establecer contacto visual adecuadamente e uso da linguaxe non verbal. Faise a través de demostración da conduta adecuada, modelado, ensaio condutual e feedback do realizado.
Habilidades asertivas de rexeitamento	As habilidades asertivas de rexeitamento utilízanse para rexeitar ofrecementos de drogas. Un rexeitamento asertivo é unha resposta

	simple, directa, sen ser pasiva nin agresiva. Unha habilidade asertiva de rexeitamento permite coñecer o intento de influírlle, dar a propia opinión e ofrecer unha alternativa.
Información sobre as consecuencias físicas do consumo a curto, medio e longo prazo	Discútense as consecuencias físicas que producen as drogas e como afectan ó desenvolvemento do individuo, sobre todo a idades temperás. Analízanse e discútense distintos mitos que existen sobre as drogas e corríxense.
Facendo fronte á presión dos iguais	Os mozos tenden a crer que só eles, e non os seus iguais e amigos, ven o consumo de drogas como malas ou inaceptables. Ao discutirse isto en grupo danse conta de que a maioría dos seus compañeiros pensan igual e que tamén desaproban o consumo de drogas.
Corrección da sobreestimación da prevalencia do consumo	Os mozos adoitan ter unha distorsión en relación coa prevalencia do consumo de drogas, sobreestimando o seu consumo real. A través de preguntarlles en clase os que consomen comproban tal distorsión e a súa esaxerada sobreestimación do consumo de drogas.
Coñecemento da influencia dos adultos	Os adultos inflúen aos máis novos a través do modelado. Moitos mozos teñen modelos adultos, ou algo maiores que eles, aos que imitan ou queren parecerse, para pasar por ser máis maiores. Iso discútese a través do grupo para coñecer tal proceso e a súa influencia, de modo especial en persoas famosas.
A influencia dos medios de comunicación de masas	Explícase a influencia que teñen os medios de comunicación de masas, sobre todo a través da publicidade, en levarnos a elixir unhas condutas e non outras, uns produtos no canto doutros. É a influencia social informativa. Adéstraselles en detectar a influencia dos anuncios terxiversados e o peso dos medios de comunicación en influenciar ás persoas.
Activismo	Os mozos poden facer distintas actividades cara a outros, como cos famosos na industria do tabaco, do alcol e o xogo, indicándolles que coñecen os seus efectos negativos, e de que deben preservar a súa saúde e non incitalos a realizar condutas inadecuadas coas que poden chegar a ser adictos.
Construíndo a confianza nun mesmo	A construción da confianza nun mesmo faise a través de técnicas cognitivas, como afirmacións positivas cara a un mesmo e cara a outros. Igualmente, levar a cabo unha serie de pasos que lles permiten tomar decisións por eles mesmos e así incrementar a súa auto-confianza.
Toma de decisións	A toma de decisións implica aprender a combinar racionalmente a información para tomar decisións por un mesmo en diferentes áreas problema que se lle presenten.
Facer un compromiso público	O participante no programa leva a cabo actividades por escrito que presenta logo a todo o grupo sobre as drogas. En moitos casos, a toma de decisións leva a que adquira un compromiso de que non as vai a consumir, o que se discute no grupo.
Uso de psicodrama ou entrevistas	O uso de psicodrama ou "entrevistas" axuda a asumir responsabilidade pola información da que dispoñen e asumir responsabilidades pola información da que dispón e facer cambios nas súas condutas de saúde de tipo positivas. O cambio de roles neste tipo de xogo permite coñecer mellor os puntos de vista propios e doutras persoas e, con iso, poder tomar mellor unha decisión persoal.

Fonte: Adaptado a partir de Sussman (2017).

A maioría dos programas que se desenvolveron no campo escolar foron de tipo universal. En menor medida de tipo selectivo (para grupos en risco) e indicado

(individuos en risco), pero dispoñemos de varios. Entre os existentes destacariamos o programa *Empecemos* e o programa *Alfil.*

O programa *Empecemos. Emocións, Pensamentos e Condutas para un desenvolvemento saudable* é un programa preventivo de tipo selectivo ou indicado, orientado a mozos con problemas de conduta, de 5 a 11 anos. Aplícase ao mesmo tempo aos mozos, profesores e pais. Oriéntanse tanto a previr os problemas de conduta temperáns como a aparición futura de problemas emocionais, condutuais e sociais. Pódese aplicar no contexto escolar ou, de modo ideal, en nenos con problemas de conduta, ás veces en centros especializados (Romero *et al.*, 2009).

O programa céntrase en tales problemas dando peso ao manexo das emocións, os pensamentos e a conduta. Consta de 19 sesións, centrado en habilidades socioemocionais e orientado aos seguintes obxectivos (Romero *et al.*, 2019): a) desenvolver destrezas de identificación de emocións e regulación emocional; b) potenciar a adquisición de competencias de resolución de problemas (identificación, xeración de alternativas, avaliación de consecuencias, toma de decisións responsables) e de análises de situacións conflitivas desde diferentes puntos de vista; c) promover habilidades sociais, verbais e non verbais, para unha adecuada interacción social; e, d) con todo iso, reducir os problemas de conduta dos nenos.

O programa *Alfil* é un programa preventivo de tipo selectivo para nenos e mozos de familias con problemas de alcol (Díaz, 2004), que teñen de 12 a 16 anos, cun proxenitor alcohólico en tratamento. O obxectivo do programa é reducir os factores de risco e potenciar os de protección tanto neles, que coñecen ben as consecuencias negativas do consumo de alcol nalgún dos seus pais, como en ambos.

Tamén se desenvolveron programas preventivos para as adiccións comportamentais, sobre todo para o trastorno de xogo ou o uso excesivo dos xogos de azar, adicción a videoxogos, uso problemático da Internet e uso problemático do teléfono móbil (ver Becoña, 2023). Neste caso, hai menos investigación por ser unha temática máis nova.

10.6. A prevención dos trastornos da infancia e da adolescencia

Leváronse a cabo un gran número de programas preventivos, sobre todo a nivel escolar, para distintas condutas problema en nenos e adolescentes, orientadas a previr distintos trastornos mentais. Deles, imos indicar brevemente, ademais dos xa comentados, tres exemplos, un para os trastornos da conduta alimentaria, outro para a conduta agresiva e desadaptativa, e o último para o *bullying* e *ciberbullying*.

Os trastornos da conduta alimentaria (TCA), como a anorexia nerviosa, a bulimia ou o trastorno por atracón, acostuman a empezar na nenez e a adolescencia. Por iso é polo que ao estar escolarizados a escola é un lugar idóneo para aplicar programa preventivos cara a reducir estes problemas. Os TCA afectan especialmente ás mulleres adolescentes. Carréxalles problemas físicos e malestar psicolóxico, que, se non se atalla, poden levar ao xurdimento posterior de diversas enfermidades.

Coñecemos distintos factores de risco para os TCA e oss programas preventivos oriéntanse a reducilos. Os máis coñecidos son a idade (adolescencia e adultez temperá); perfeccionismo; alta sensibilidade ao reforzo e ao castigo, sobre todo en relación coa imaxe física; e maior nivel de obsesividade. Pero tamén hai outros como experiencias traumáticas temperás, a discriminación polo sobrepeso, non comer e logo compensalo comendo moito, disforia de xénero e a súa relación coa insatisfacción corporal, autopercepción de inflexibilidade, rixidez e resistencia ao cambio, e trastornos

alimentarios orientados á masculinidade (Levine, 2024). As ideas e crenzas sobre a propia imaxe corporal son moi importante nestes trastornos.

Son moitos os programas preventivos existentes sobre TCA. Cada ano publícanse varios (ex., Levine, 2024, 2025). Por exemplo, 20 só na revista *Eating Disorders* en 2024 (Levine, 2025). O meta-análise de Le *et al.* (2017) sobre os TCA mostra que non dispoñemos de moitos programas preventivos eficaces de tipo universal. En cambio, mostraron funcionar os programas selectivos (para grupos de risco), conseguindo neste caso reducir tanto as condutas dos trastornos alimentarios como os seus síntomas, en mulleres adolescentes e novas. Para os programas preventivos indicados (individuos en risco) non atopan suficiente evidencia da súa eficacia. Outro meta-análise (Le *et al.*, 2022), en cambio, amosa que os programas preventivos teñen un efecto positivo sobre os TCA e o índice de masa corporal. Con todo, non logran reducir toda a problemática dos TCA. Iso indica que se precisa perfeccionar os programas existentes para que logren un cambio real das condutas problema cara a prevención dos TCA.

Respecto á conducta agresiva e desadaptativa, o *O xogo do bo comportamento (Good Behavior Game)* Barrish *et al.*, 1969) é un programa preventivo escolar universal orientado a reducir a conduta agresiva e desadaptativa en nenos e adolescentes. Fortalécese a socialización a través do traballo en equipo (. Dado que a conduta agresiva relaciónase co consumo de drogas, este programa incide tamén na redución do seu consumo e en mellorar o rendemento académico (Ruiz *et al.*, 2006). O programa estrutúrase a través de: 1) definir as regras (o profesor define cos alumnos as regras de comportamento), 2) establecemento dos equipos (divídese a aula de 2 a 4 equipos igualados en termos de comportamento), 3) xogar ao xogo (durante o xogo o profesor conta as infraccións das regras), 4) anúnciase aos gañadores (todos poden gañar o xogo), e 5) distribúense os premios (úsase reforzo social e recompensas materiais). O xogo empeza facéndose tres veces á semana durante dez minutos. Logo váiselle dedicando máis tempo.

Os resultados deste xogo indican a mellora en varias condutas, como acoso escolar, agresións, illamento e tamén no consumo de drogas (Furr-Holden *et al.*, 2004; Storr *et al.*, 2002). Realizáronse un gran número de estudos co programa e estase utilizando desde hai décadas nos Estados Unidos e máis recentemente en varios países europeos.

O *bullying* e o *ciber-bullying* son un grave problema. Sabemos que sufrilo leva aos acosados a distintos problemas, entre os que se atopan a depresión, a ansiedade, o illamento social, fracaso escolar e abandono dos estudos, máis consumo de alcol e drogas, e nos casos extremos intentos de suicidio ou suicidio consumado. Os estudos máis sistemáticos fixéronse no norte de Europa, e alí desenvolvéronse, aplicáronse e avaliáronse a nivel nacional distintos programas preventivos para o *bullying* (Lorenzo e Becoña, 2022), conseguindo reducilo nun 25%.

Dentro dos programas preventivos destaca o Programa de Prevención do *Bullying* de Olweus *et al.* (2007) (https://clemsonolweus.org/) en Suecia, e o programa KIVA (Salmivalli e Poskiparta, 2012) de Finlandia (https://espanaes.kivaprogram.net/). Ambos aplícanse en España. Estes programas mostraron que se pode previr a conduta de *bullying*, tanto o de Olweus (Olweus, 2019) como o KIVA (Williford *et al.*, 2013).

10.7. A prevención da psicose

Segundo a OMS (2022), 1 de cada 300 persoas no mundo padece esquizofrenia, sendo dentro dos trastornos psicóticos o máis frecuente. E Ademais, aínda non existen programas de prevención universal para reducir a probabilidade de desenvolver este tipo

de trastornos, pero destacan dous tipos de intervencións temperás (OMS, 2024). A primeira delas baséase en que, dado que a detección temperá da psicose relaciónase cun mellor prognóstico, aumentar os coñecementos sobre a saúde mental reducirá o tempo de demora en solicitar axuda no momento de aparición dos primeiros episodios psicóticos, tal e como confirmaron Johannessen *et al.* (2001) no *Scandinavian Early Treatment and Identification of Psychosis Study*. Estudos posteriores, como a revisión sistemática e o meta-análise realizados por Hutton e Taylor (2014), conclúen que intervencións baseadas na terapia cognitiva condutual reducen a probabilidade de transición a un trastorno psicótico en persoas que non estaban a recibir tratamento con antipsicóticos.

Un segundo tipo de intervencións dá un paso máis, baséanse na detección das persoas que se atopan aínda nunha fase prodrómica, previa á aparición do primeiro episodio psicótico. Fusar-Poli *et al.* (2013) definiron esta fase como estado de alto risco de psicose e considérano como un período clave para intervir na prevención do desenvolvemento dun trastorno psicótico posterior. Así, o estudo de McGorry *et al.* (2002) conclúe que é posible atrasar a aparición do primeiro episodio psicótico cun tratamento que combina a terapia cognitiva con doses baixas de antipsicóticos. Na revisión sistemática e meta-análise sobre a prevención da psicose en adolescentes, Catalan *et al.* (2021) sinalan que a prevención indicada, dirixida a persoas con alto risco clínico de psicose, creceu exponencialmente nas últimas décadas, sendo na actualidade un dos enfoques preventivos máis establecidos dentro da saúde mental. Conclúen que é posible detectar aos adolescentes que teñen maior risco de desenvolver un trastorno psicótico pero que é preciso seguir investigando respecto ás distintas posibilidades de intervención nestes casos. Fusar-Poli *et al.* (2019) sinalan a necesidade de adaptar ás características da intervención nos niveis de atención comunitaria, atención primaria e especializada, as estratexias para mellorar a detección destas persoas. Así, propoñen o uso da tecnoloxía no marco da saúde dixital para o desenvolvemento de métodos de detección e de instrumentos baseados no transdiagnóstico.

En xeral, está aceptado que é necesaria a intervención temperá en psicose para reducir o impacto que este tipo de trastorno produce porque, atrasar a intervención ata que o trastorno xa estea completamente establecido e a persoa presente un deterioro funcional dificilmente emendable, é un erro (McGorry *et al.*, 2008).

En Galicia, dentro do "*Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Período 2020-2024*" (Consellería de Sanidade, 2020) recóllese dentro do Eixo 2 de Recuperación como meta o proxecto de implantación dun programa de detección e intervención en primeiros episodios psicóticos que ten por obxectivo garantir que as persoas que tiveron un primeiro episodio psicótico reciben o tratamento adecuado en función da etapa en que se atopen. No mesmo programa tamén se contempla a atención aos familiares, a formación dos profesionais e o fomento da investigación neste campo. Nesta liña, respecto á atención á saúde mental que se ofrece desde o SERGAS, cóntase coa unidade de primeiros episodios psicóticos, en distintas áreas sanitarias, dirixida a persoas de entre 18 e 40 anos que sufriron un primeiro episodio e que desde o mesmo non transcorreron máis de tres anos. O obxectivo é que a intervención temperá mellore a resposta ao tratamento e, por tanto, o prognóstico.

Outro programa para destacar é o que a Consellería de Sanidade en colaboración coa Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES) desenvolve para a atención precoz a familiares ou coidadores de persoas que están a sufrir un primeiro episodio psicótico. O obxectivo é ofrecer a estas persoas apoio, formación e intervencións individualizadas para o desenvolvemento das estratexias de afrontamento necesarias nesta etapa de aparición do primeiro episodio psicótico nos seus familiares.

Por último, tamén no noso contexto, no marco das actividades que realizan as asociacións de persoas con trastorno mental grave e os seus familiares, destaca como exemplo o Programa de Intervención Precoz en Psicose (PIPPs) que leva a cabo a Asociación DOA Saúde Mental (Vigo e a súa contorna). Este programa está dirixido a persoas de entre 16 e 25 anos nos que o inicio dos problemas psicóticos foi hai menos de 5 anos. O obxectivo é mellorar a resposta ao tratamento adquirindo as habilidades e coñecementos necesarios para poder afrontar adecuadamente a súa situación. Desta forma conséguense reducir os custos persoais, económicos e sociais asociados ó deterioro que produce o trastorno psicótico.

10.8. A prevención no ámbito laboral

A prevención dos trastornos mentais no medio laboral conta con escasos programas, ou con programas que se fan, pero non se difunden. A gran maioría diríxense á redución do estrés ou á redución dos trastornos de ansiedade (Wagner *et al.*, 2016), e obtéñense adecuados resultados. Un aspecto diferencial destes programas é que é frecuente, se así adoita contemplarse, derivar ás persoas a que reciban tratamento en caso de ser necesario.

Como xa vimos, moitos programas preventivos oriéntanse á prevención de riscos psicosociais. Aínda que estes programas aplícanse, dispoñemos de pouca información pública sobre os mesmos, ben porque o levan a cabo mutuas ou empresas externas á propia empresa, ou a que a estas non lles interesa que se coñeza que se están aplicando tales programas, pola crenza de que lles pode prexudicar á súa imaxe.

Debe sinalarse que no recente Plan de Acción de Saúde Mental 2025-2027 (Comisionado de Saúde Mental, 2025a), e Plan de Acción de Saúde Mental sobre o Suicidio 2025-27 (Comisionado de Saúde Mental, 2025b), unha das liñas estratéxicas que se inclúe oriéntase especificamente a dar prioridade no eido laboral á mellora da prevención de riscos psicosociais e a promover a saúde mental e a prevención do suicidio. Isto vai implicar o desenvolvemento de novos programas preventivos para o campo laboral nos próximos anos.

A continuación, describimos algúns programas, que van na liña do exposto anteriormente. Dispoñemos de programas preventivos no eido laboral para a prevención do estrés, da depresión, do suicidio, do trastorno de consumo de sustancias, entre os principais. Así, para persoas sen alto risco previo de depresión, leváronse a cabo varios programas cos que se obtiveron resultados na liña de que evitan novos casos de depresión (Bellón *et al.*, 2019). A continuación, preséntanse varios exemplos tanto sobre os programas de prevención do estrés, como sobre os orientados á prevención do consumo de alcol e drogas no marco de distintas empresas de transporte nas que se levan a cabo distintos programas para os seus traballadores. En concreto, en empresas de ferrocarril existe un programa americano,posto en marcha na empresa Amtrak, e outro español,en Adif.

O programa que se aplica na empresa norteamericana de trens Amtrak denomínase PREVENT (*Persoal Responsability and Values: Education and Training*) e aplícase ao seu persoal de 18 a 29 anos (Spicer e Miller, 2016), nun taller a o longo de tres días. Os módulos nos que adestran ás persoas son os de responsabilidade e valores interpersoais; consumo de alcol, tabaco e outras drogas; finanzas persoais; prevención do suicidio; e, manexo do estrés. Faise en grupos de 8-15 persoas e a discusión en grupo é un aspecto central da intervención. Os resultados amosaron que esta intervención funciona ben. Por exemplo, reduciu un 56% o consumo de bebidas alcohólicas mensualmente e cun 32%

menos de consumo de alcol diario. Non houbo cambio no consumo das drogas ilegais. Os resultados son relevantes neste grupo profesional cara á seguridade e na prevención de accidentes.

O programa de Renfe/Adif é ben coñecido no campo preventivo, orientado predominantemente a reducir o consumo de alcol e drogas a nivel laboral. Leva en funcionamento varias décadas. Formalmente comeza en 1990, cando a empresa contaba con 80.000 traballadores. En 2005, ao separarse en Adif e Renfe, seguíronse aplicando programas en ambas empresas. Inicialmente o plan denominábase "*Plan de acción contra as drogodependencias e o alcoholismo*"; máis actualmente recibe o nome de "*Plan de drogodependencias e alcoholismo*". O programa consta de accións informativas, accións formativas para mandos e representantes do persoal, accións participativas (marchas, sendeirismo, excursións culturais, concursos, etc.), un programa asistencial (un de detección de problemas de alcol e drogas e outro de tratamento de desintoxicación e deshabituación) e un programa de reinserción ao posto de traballo ou adaptación ao posto de traballo. Foi seguido por moitos miles de traballadores ao longo dos anos (Redondo, 2009).

O programa está descrito na web de Adif e no actual *Manual de Benvida* de Adif (2020). A valoración dos profesionais que o levan nas distintas delegacións, e avaliacións internas do mesmo, indican un alto nivel de satisfacción e unha boa prevención, detección e intervención nos problemas de alcol e drogas.

O estrés é un tema de gran relevancia no campo laboral. Hoxe sabemos que aumenta os custos laborais e reduce o rendemento, de aí a relevancia da súa prevención. Segundo os resultados da *EU Labour Force Survey* 2020 (Eurostat, 2021), o estrés, a depresión e a ansiedade son o segundo problema de saúde dentro do ámbito laboral. A Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo (EU-OSHA, 2014) nunha revisión sobre os custos producidos polo estrés e outros riscos psicosociais relacionados co traballo, sinala nas súas conclusións a relevancia de previr o estrés dada a importante carga económica que produce nas organizacións. Apuntan que as intervencións dentro dos centros de traballo centradas na prevención do estrés, a mellora da saúde mental e da contorna de traballo, sempre que sexan planificadas e levadas a cabo adecuadamente, son rendibles. Ademais, desde esta axencia, sinalan dous aspectos sobre os que é preciso seguir investigando O primeiro deles, é a estreita relación existente entre o estrés laboral e os riscos psicosociais e os problemas de saúde mental, como a depresión, e física, de tipo cardiovascular, musculoesquelética ou a diabetes, por exemplo. O segundo aspecto, é a necesidade de analizar en que medida a recuperación dos problemas de saúde física e mental vense influídos polos riscos psicosociais que existen no traballo.

Recentemente, a EU-OSHA (2024) realizou unha revisión acerca das iniciativas que se están levando a cabo no ámbito laboral para a prevención, entre outros aspectos, dos riscos psicosociais e o estrés no ámbito laboral. Especificamente, dentro das iniciativas promovidas desde a Unión Europea recollen catro, dúas promovidas pola EU-OSHA (2018), unha pola Comisión Europea (2011) e a última pola *European Employment Service* (EURES) (2023). Na devandita revisión tamén se recollen iniciativas de países específicos, pero ningunha delas é de España.

Dada a relevancia da área da prevención do estrés, deben promocionarse este tipo de programas no campo laboral.

A pesar de que todos recoñecen o valor da prevención no lugar de traballo, incluíndo a prevención dos trastornos mentais, isto non se ve reflectido na implementación sistemática de accións e programas preventivos (Lecours *et al.*, 2021), a pesar de que unha e outra vez os programas preventivos aplicados a nivel laboral para a prevención dos trastornos mentais mostran que son custo-eficientes (Le *et al.*, 2021).

10.9. Como potenciar a prevención en saúde mental

Sen ningunha dúbida a prevención é un medio idóneo para conseguir que se reduzan os trastornos mentais. Vénse facendo unha importante tarefa neste campo desde hai décadas, pero precísase incrementar as accións preventivas dos distintos trastornos mentais. A mellora da prevención poderíase concretar en cinco áreas.

A primeira é concienciar tanto á administración sanitaria e laboral, como aos empresarios, traballadores e sindicatos, da relevancia dunha adecuada prevención no campo laboral para reducir os riscos psicosociais no traballo e os trastornos mentais que se poden producir nel.

A segunda é a necesidade de xeneralizar os programas preventivos naquelas áreas en que son necesarias e onde mostraron adecuados resultados, desde o contexto escolar ao laboral. Neste hai que facer un maior desenvolvemento destes programas porque as persoas botan no mesmo unha parte importante da súa vida, moitas horas cada día.

A terceira é elaborar programas preventivos amplos, en formato de prevención universal, selectiva e indicada, para que as persoas coñezan os problemas de saúde mental, fáganse conscientes se os teñen, tanto eles como as persoas que os rodean, e que haxa un sistema rápido e axeitado de derivación cando sexa necesario.

A cuarta é dispoñer dun catálogo de programas preventivos eficaces e que se poidan aplicar cun adestramento adecuado cara á súa fácil implantación e difusión.

E, a quinta, é realizar estudos de custo-eficiencia para que se comprobe claramente que vale a pena aplicar programas preventivos, e onde o investimento recuperase amplamente tanto nunha mellor saúde, nun mellor rendemento laboral e con menos baixas laborais.

Referencias

ADIF (2020). *Manual de bienvenida. Dirección General de Gestión de Personas*. Adif.En: https://cfv.adif.es/inicia/bienvenida/

Agencia Europea para la Seguridad y la Salud en el Trabajo (2014). *La estimación del coste del estrés y los riesgos psicosociales relacionados con el trabajo- Revisión bibliográfica.* En: https://osha.europa.eu/sites/default/files/597%20calculating-the-cost-of-work-related-stress-and-psychosocial-risks%20-%20ES.pdf

Al-Halabí, S. e Fonseca-Pedrero, E. (2024). Humanizing care and integrating social determinants. *Psicothema, 36(4),* 309-318.

Avalia-t (2012). *Guía de práctica clínica de prevención y tratamiento de la conducta suicida (revisada en 2020).* Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias de Galicia (Avalia-t), Ministerio de Ciencia e Innovación, Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad.

Barrish, H. H., Saunder, M. e Wolf, M. M. (1969). Good behavior game: Effects of individual contingencies for group consequences on disruptive behaviors in a classroom. *Journal of Applied Behavior Analysis, 2*, 119-124.

Batterham, P. J., Birrell, L., Werner-Seidler, A., Teesson, M., Cuijpers, P., …, Christensen, H. (2025). Future directions in depression prevention. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, *93*(4), 328–339.

Becoña, E. (2002). *Bases científicas de la prevención de las drogodependencias*. Madrid: Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas.

Becoña, E. (2023). *Guía de buenas prácticas y calidad en la prevención de las drogodependencias y de las adicciones*. Ministerio de Sanidad, Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas.

Bellón, J. Á., Conejo-Cerón, S., Cortés-Abela, C., Pena-Andreu, J. M., García-Rodríguez, A. e Moreno-Peral, P. (2019). Effectiveness of psychological and educational interventions for the prevention of depression in the workplace: A systematic review and meta-analysis. *Scandinavian Journal of Work, Environment & health*, *45*(4), 324–332.

Bennett-Poynter, L., Groves, S., Kemp, J., Shin, H. D., Sequeira, L., Lascelles, K. e Strudwick, G. (2025). Characteristics of suicide prevention apps: a content analysis of apps available in Canada and the UK. *BMJ Open*, *15*(1), e087468.

Botvin, G. J., Baker, E., Dusenbury, L., Botvin, E. M. e Diaz, T. (1995). Long-term follow-up results of a randomized drug abuse prevention trial in a white middle-class population, *JAMA, 273,* 1106-1112.

Botvin, G.J. e Griffin, K.W. (2012). Long-term outcomes from Blueprints model programs: Life Skills Training. *Presented at 2012 Blueprints for Violence Prevention conference*. San Antonio, TX.

Botvin, G. J. e Griffin, K. W. (2015). Life skills training: A competence enhancement approach to tobacco, alcohol, and drug abuse prevention. En L. M. Scheier (Ed.), *Handbook of adolescence drug use prevention: Research, intervention strategies, and practice* (pp. 177-196). American Psychological Association.

Bjertrup, A. J., Rasmussen, K. H. E. e Miskowiak, K. W. (2025). Psychological prevention of postpartum depression for expectant parents. *Journal of Affective Disorders*, *378*, 58–73.

Brewer, J. (2022). *Deshacer la ansiedad*. Paidós.

Buntrock, C., Harrer, M., Sprenger, A. A., Illing, S., Sakata, M., … IPD-PrevDep Consortium (2024). Psychological interventions to prevent the onset of major depression in adults: a systematic review and individual participant data meta-analysis. *Lancet Psychiatry*, *11*(12), 990–1001.

Comisionado de Salud Mental (2025a). *Plan de Acción de Salud Mental 2025-2027*. Ministerio de Sanidad. En: https://www.sanidad.gob.es/areas/calidadAsistencial/estrategias/saludMental/docs/Plan_de_accion_para_la_salud_mental_v2.6.pdf

Comisionado de Salud Menta (2025b) *Plan de acción para la prevención del suicidio 2025-*

2027. Ministerio de Sanidad. En: https://www.sanidad.gob.es/areas/calidadAsistencial/estrategias/saludMental/docs/Plan_de_accion_para_la_prevencion_del_suicidio_2025_2027.pdf

Caplan G. (1964). *Principles of Preventive Psychiatry*. Basic Books.

Catalan, A., Salazar de Pablo, G., Vaquerizo Serrano, J., Mosillo, P., Baldwin, H., … Fusar-Poli, P. (2021). Annual Research Review: Prevention of psychosis in adolescents - systematic review and meta-analysis of advances in detection, prognosis and intervention. *Journal of Child Psychology and Psychiatry, 62(5),* 657–673.

Conejo-Cerón, S., Bellón, J. Á., Motrico, E., Campos-Paíno, H., Martín-Gómez, C., …, Peral, P. (2020). Moderators of psychological and psychoeducational interventions for the prevention of depression: A systematic review. *Clinical Psychology Review*, *79*, 101859.

Consellería de Sanidade (2020). *Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Periodo 2020-2024*. En: https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/1204/PSMG%20poscovid-19.pdf

Cuijpers, P. e Reynolds, C. F. (2022). Increasing the Impact of Prevention of Depression-New Opportunities. *JAMA Psychiatry*, *79*(1), 11–12.

Cuijpers, P., Pineda, B. S., Quero, S., Karyotaki, E., Struijs, S. Y., …, Furukawa, T. A., & Muñoz, R. F. (2021). Psychological interventions to prevent the onset of depressive disorders: A meta-analysis of randomized controlled trials. *Clinical Psychology Review*, *83*, 101955.

Dabkowski, E., Porter, J. E., Barbagallo, M. S., Prokopiv, V. e Jackson, M. R. (2022). A Scoping Review of Community-Based Adult Suicide Prevention Initiatives in Rural and Regional Australia. *InternationalJjournal of Environmental Research and Public Health*, *19*(12), 7007.

Díaz, R. (2004). *Programa Alfil. Guía de actuación preventiva para niños y jóvenes de familias con problemas de alcohol*. Martín.

Espada, J. P., González, M. T., Orgilés, M., Lloret, D. e Guillén-Riquelme, A. (2015). Meta-analysis of the effectiveness of school substance abuse prevention programs in Spain. *Psicothema, 27*, 5-12.

European Agency for Safety and Health at Work (2013). *Healthy workplaces manage stress: campaign guide: managing stress and psychosocial risks at work*. Publications Office. En: https://data.europa.eu/doi/10.2802/16611

European Agency for Safety and Health at Work (2024). A review of good workplace practices to support individuals experiencing mental health problems. *En:* https://osha.europa.eu/sites/default/files/documents/Good-workplace-practice-support-individuals-experiencing-mental-health-problems_EN.pdf

European Agency for Safety and Health at Work (s.f.). *Managing stress and psychosocial risks E-guide*. En: https://osha.europa.eu/sites/default/files/Eguide_stress_ENGLISH.pdf

European Agency for Safety and Health at Work (2018). *Healthy workers, thriving companies – a practical guide to wellbeing at work*. En: https://osha.europa.eu/sites/default/files/EC_GUIDE_STRESS_MSD_WEB.pdf

European Commission: Directorate-General for Employment, Social Affairs and Inclusion. (2011). *Occupational health and safety risks in the healthcare sector*. Publications Office. En: https://data.europa.eu/doi/10.2767/27263

EURopean Employment Service (EURES) (2023). *How to reduce employee stress and prevent burnout. En:* https://eures.europa.eu/how-reduce-employee-stress-and-prevent-burnout-2023-06-12_en

Eurostat (2021). *EU labour force survey 2020 module on accidents at work and other work-related health problems*. En: https://ec.europa.eu/eurostat/web/products-statistical-reports/-/ks-ft-21-007

Faggiano, F., Minozzi, S., Versino, E. e Buscemi, D. (2014). Universal school-based prevention for illicit drug use (Review). *Cochrane Database Systematic Review, 2014, Issue 12.* Art No. CD003020.

Feiss, R., Dolinger, S. B., Merritt, M., Reiche, E., Martin, K., … Pangelinan, M. (2019). A Systematic Review and Meta-Analysis of School-Based Stress, Anxiety, and Depression Prevention Programs for Adolescents. *Journal of Youth and Adolescence, 48(9),* 1668–1685.

Foxcroft D. R. e Tsertsvadze, A. (2011a). Universal multi-component prevention programs for alcohol misuse in young people. *Cochrane Database of Systematic Reviews 2011, Issue 9*. Art. No.: CD009307.

Foxcroft, D. R. e Tsertsvadze, A. (2011b). Universal school-based prevention programs for alcohol misuse in young people. *Cochrane Database of Systematic Reviews 2011, Issue 5*. Art. No.: CD009113.

Furr-Holden, C. D. M., Ialongo, N. S., Anthony, J. C., Petras, H. e Kellam, S. G. (2004). Developmentally inspired drug prevention: Middle school outcomes in a school-based randomized prevention trial. *Drug and Alcohol Dependence, 73*, 149-158.

Fusar-Poli, P., Borgwardt, S., Bechdolf, A., Addington, J., Riecher-Rössler, A., … Yung, A. (2013). The psychosis high-risk state: a comprehensive state-of-the-art review. *JAMA Psychiatry, 70(1),* 107–120.

Fusar-Poli, P., Sullivan, S. A., Shah, J. L. e Uhlhaas, P. J. (2019). Improving the Detection of Individuals at Clinical Risk for Psychosis in the Community, Primary and Secondary Care: An Integrated Evidence-Based Approach. *Frontiers in Psychiatry, 10*, 774.

Garaigordobil, M., Bernarás, E. e Jauregizar, J. (2019). Evaluación de un programa universal de prevención de la depresión en niños y niñas de educación primaria. *Revista de Psicología y Educación, 14(2),* 87.

Gillham, J. E. e Brunwasser, S. M. (2024). Psychological interventions to prevent depression: a cause for hope. *Lancet. Psychiatry*, *11*(12), 947–948.

Ginsburg, G. S. (2009). The Child Anxiety Prevention Study: Intervention model and primary outcomes. *Journal of Consulting and Clinical Psychology, 77(3),* 580–587.

Ginsburg, G. S., Drake, K. L., Tein, J. Y., Teetsel, R. e Riddle, M. A. (2015). Preventing Onset of Anxiety Disorders in Offspring of Anxious Parents: A Randomized Controlled Trial of a Family-Based Intervention. *American Journal of Psychiatry, 172(12),* 1207–1214.

Gordon, R. (1983). An operational classification of disease prevention. *Public Health Reports, 98,* 107-109.

Griffin, B. A., W Hassler, G., Sheftall, A. H., Ohana, E. e Ayer, L. (2025). Rethinking Suicide Prevention Research - Moving Beyond Traditional Statistical ignificance. *Crisis*, *46*(2), 72–77

Handley, T. E., Davies, K., Booth, A., Dalton, H. e Perkins, D. (2021). Lessons from the development and delivery of a rural suicide prevention program. *The Australian Journal of Rural Health*, *29*(6), 993–998.

Harrer, M., Adam, S. H., Baumeister, H., Cuijpers, P., Karyotaki, E., …, Ebert, D. D. (2019). Internet interventions for mental health in university students: A systematic review and meta-analysis. *International Journal of Methods in Psychiatric Research*, *28*(2), e1759.

Herrman, H., Patel, V., Kieling, C., Berk, M., Buchweitz, C., … Wolpert, M. (2022). Time for united action on depression: a Lancet-World Psychiatric Association Commission. *Lancet*, *399*(10328), 957–1022.

Hugh-Jones, S., Beckett, S., Tumelty, E. e Mallikarjun, P. (2021). Indicated prevention interventions for anxiety in children and adolescents: a review and meta-analysis of school-based programs. *European Child & Adolescent Psychiatry, 30(6*), 849–860.

Hutton, P. e Taylor, P.J. (2014). Cognitive behavioural therapy for psychosis prevention: a systematic review and meta-analysis. *Psychological Medicine, 44 (3*), 449-468.

Institute of Medicine [IOM](1994). *Reducing risks for mental disorders: Frontiers for Preventive intervention research. Committee on Prevention of Mental Disorders, Division of Biobehavorial Sciences and Mental Disorders* National Academy Press

Jarquín, V. e Pérez, C. (2014). Programa preventivo de la depresión en estudiantes de bachillerato. *Revista Electrónica en Ciencias Sociales y Humanidades, 3(1),* 86.94.

Johannessen, J. O., McGlashan, T. H., Larsen, T. K., Horneland, M., Joa, I., … Vaglum, P.

(2001). Early detection strategies for untreated first-episode psychosis. *Schizophrenia Research, 51(1),* 39–46.
Kahn, J. P., Cohen, R. F., Tubiana, A., Legrand, K., Wasserman, C., …Wasserman, D. (2020). Influence of coping strategies on the efficacy of YAM (Youth Aware of Mental Health): a universal school-based suicide preventive program. *European Child & Adolescent Psychiatry*, *29*(12), 1671–1681
Krishnamoorthy, S., Armstrong, G., Ross, V., Mathieu, S. e Kõlves, K. (2025). The Role of Contextual Determinants in Implementation of Complex Suicide Prevention Interventions: An Application of the Exploration, Preparation, Implementation and Sustainment (EPIS) Framework. *International Journal of Health Planning and Management*, 10.1002/hpm.3911. Advance online publication.
Le, L. K., Barendregt, J. J., Hay, P. e Mihalopoulos, C. (2017). Prevention of eating disorders: A systematic review and meta-analysis. *Clinical Psychology Review*, *53*, 46–58
Le, L. K., Esturas, A. C., Mihalopoulos, C., Chiotelis, O., Bucholc, J., … Engel, L. (2021). Cost-effectiveness evidence of mental health prevention and promotion interventions: A systematic review of economic evaluations. *Plos Medicine*, *18*(5), e1003606.
Le, L. K., Tan, E. J., Perez, J. K., Chiotelis, O., Hay, P., … Mihalopoulos, C. (2022). Prevention of high body mass index and eating disorders: a systematic review and meta-analysis. *Eating and Weight Disorders, 27*(8), 2989–3003.
Lecours, A., St-Hilaire, F. e Daneau, P. (2021). Moving toward an integrated prevention approach for mental health at work: Promoting workers' involvement through concrete actions. *Work*, *69*(1), 295–306
Levine M. P. (2024). Prevention of eating disorders: 2023 in review. *Eating Disorders*, *32*(3), 223–246.
Levine M. P. (2025). Prevention of eating disorders: 2024 in review. *Eating Disorders*, 1–30. Advance online publication.
Litz, B. T., Gray, M. J., Bryant, R. A. e Adler, A. B. (2002). Early intervention for trauma: Current status and future directions. *Clinical Psychology: Science and Practice, 9(2*), 112–134.
Lorenzo, M. C. e Becoña, E. (2022). *Bullying y ciberbullying*. Pirámide.
McGorry, P. D., Killackey, E. e Yung, A. (2008). Early intervention in psychosis: concepts, evidence and future directions. *World Psychiatry, 7(3),* 148–156.
McGorry, P. D., Yung, A. R., Phillips, L. J., Yuen, H. P., Francey, S., … Jackson, H. (2002). Randomized controlled trial of interventions designed to reduce the risk of progression to first-episode psychosis in a clinical sample with subthreshold symptoms. *Archives of General Psychiatry, 59(10)*, 921–928.
Miller, T. R. e Hendrie, D. (2009). *Substance abuse prevention dollars and cents: A cost-benefit analysis.* U.S. Substance Abuse and Mental Health Services Administration.
Moreno-Peral, P., Conejo-Cerón, S., Rubio-Valera, M., Fernández, A., Navas-Campaña, D., … (2017). Effectiveness of Psychological and/or Educational Interventions in the Prevention of Anxiety: A Systematic Review, Meta-analysis, and Meta-regression. *JAMA Psychiatry, 74(10),* 1021–1029.
Moreno-Peral, P., Rodríguez-Morejón, A., Bellón, J. A., García-Huércano, C., Martínez-Vispo, C., …Conejo-Cerón, S. (2023). Effectiveness of a universal personalized intervention for the prevention of anxiety disorders: Protocol of a randomized controlled trial (the prevANS project). *Internet Interventions, 34*, 100640.
Motrico, E., Bina, R., Kassianos, A. P., Le, H. N., Mateus, V., …, Conejo-Cerón, S. (2023). Effectiveness of interventions to prevent perinatal depression: An umbrella review of systematic reviews and meta-analysis. *General Hospital Psychiatry*, *82*, 47–61.
Muñoz, R. F., Beardslee, W. R. e Leykin, Y. (2012). Major depression can be prevented. *American Psychologist*, *67*(4), 285–295.
Muñoz, R.F., Pineda, B.S., Barrera, A.Z., Bunge, E. e Leykin, Y. (2021). Digital tolos for

prevention and treatment of depresssion: Lessons from the Institute for International Internet Interventions for Health. *Clínica y Salud, 32(1*), 37-40.
National Academies of Sciences, Engineering, and Medicine; Division of Behavioral and Social Sciences and Education; Board on Children, Youth, and Families; Committee on Fostering Healthy Mental, Emotional, and Behavioral Development Among Children and Youth [NAS]. (2019). *Fostering Healthy Mental, Emotional, and Behavioral Development in Children and Youth: A National Agenda*. National Academies Press.
National Institute for Health and Care Excellence [NICE] (2022). *Self-harm: assessment, management and preventing recurrence*. National Institute for Health and Care Excellence.
O´Connell, M. E., Boat, T. e Warner, K E. (Eds.) (2009). *Preventing mental, emotional, and behavioral disorders among young people. Progress and possibilities*.The National Academic Press.
Organización Mundial de la Salud (2022). *Esquizofrenia.* En: https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/schizophrenia
Organización Mundial de la Salud (2023). *Trastornos de ansiedad*. En: https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/anxiety-disorders
Organización Mundial de la Salud (2024). *Prevención de los trastornos mentales: Intervenciones efectivas y opciones de políticas: informe compendiado.* En: https://iris.who.int/bitstream/handle/10665/78545/924159215X_spa.pdf?sequence=1&isAllowed=y
Olweus, D., Limber, S. P. e Breivik, K. (2019). Addressing specific forms of bullying: A large-scale evaluation of the Olweus Bullying Prevention Program. *International Journal of Bullying Prevention, 1,* 70-84.
Olweus, D., Limber, S. P., Flerx, V., Mullin, N., Riese, J. e Snyder, M. (2007). *Olweus Bullying Prevention Program: schoolwide guide.* Center City: Hazelden.
Organización Mundial de la Salud (2024). *Prevención de los trastornos mentales: intervenciones efectivas y opciones de políticas: informe compendiado*. En: https://iris.who.int/bitstream/handle/10665/78545/924159215X_spa.pdf?sequence=1&isAllowed=y
Rasing, S. P. A., Creemers, D. H. M., Janssens, J. M. A. M. e Scholte, R. H. J. (2017). Depression and Anxiety Prevention Based on Cognitive Behavioral Therapy for At-Risk Adolescents: A Meta-Analytic Review. *Frontiers in Psychology, 8*, 1066.
Redondo, F. (2009). El plan de acción contra las drogodependencias y el alcoholismo celebra su 20 aniversario. Líneas. *La revista de Adif, 7*, 1-2.
Rodriguez-Muñoz, M. F., Kovacheva, K., García-López, H. S., Le, H. N., Ruiz, N., …., Coronado, P. (2023). The healthy moms and babies app to prevent postpartum depression: analysis of user-profiles and dropout cases. *Frontiers in Public Health*, *11*, 1186963.
Ruiz, R., Pino, M. J. e Herruzo, J. (2006). Revisión de la técnica “el juego del buen comportamiento”. *Análisis y Modificación de Conducta, 32*, 553-574.
Salazar de Pablo, G., Solmi, M., Vaquerizo-Serrano, J., Radua, J., Passina, A., …,Fusar-Poli, P. (2021). Primary prevention of depression: An umbrella review of controlled interventions. *Journal of Affective Disorders, 294*, 957–970.
Salmivalli, C. e Poskiparta, E. (2012). Making bullying prevention a priority in Finnish s chools: The KiVa antibullying program. *New Directions for Youth Development, 133*, 41–53.
Schwartz, C., Barican, J. L., Yung, D., Zheng, Y. e Waddell, C. (2019). Six decades of preventing and treating childhood anxiety disorders: a systematic review and meta-analysis to inform olicy and practice. *Evidence-based Mental Health, 22(3),* 103–110.
Spicer, R. e Miller, T. R. (2016). The evaluation of a workplace program to prevent substance abuse: Challenges and findings. *Journal of Primary Prevention, 37*, 329-343.
Storr, C. L., Ialongo, N. S., Kellam, S. G. e Anthony, J. C. (2002). A randomized controlled trial of two primary school intervention strategies to prevent early onset tobacco smoking. *Drug and Alcohol Dependence, 66*, 61-60.

US Preventive Services Task Force, Curry, S. J., Krist, A. H., Owens, D. K., Barry, M. J., …, Wong, J. B. (2019). Interventions to Prevent Perinatal Depression: US Preventive Services Task Force Recommendation Statement. *JAMA*, *321*(6), 580–587.

Vicente, M. J., Abt, A. e Isern, S. (2024). *Análisis de los programas de formación continuada para profesionales de atención primaria en la prevención del suicidio y depresión en población infantil y adolescente*. Instituto Aragonés de Ciencias de la Salud. Ministerio de Sanidad, Red Nacional de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias y Prestaciones del Sistema Nacional de Salud.

Wagner, S. L., Koehn, C., White, M. I., Harder, H. G., Schultz, I. Z., …Wright, M. D. (2016). Mental Health Interventions in the Workplace and Work Outcomes: A Best-Evidence Synthesis of Systematic Reviews. *International Journal of Occupational and Environmental Medicine, 7(1),* 1–14.

Walsh, E. H., McMahon, J. e Herring, M. P. (2022). Research Review: The effect of school-based suicide prevention on suicidal ideation and suicide attempts and the role of intervention and contextual factors among adolescents: a meta-analysis and meta-regression. *Journal of Child Psychology and Psychiatry, and Allied Disciplines*, *63*(8), 836–845

Williford, A., Elledge, L. C., Boulton, A. J., DePaolis, K. J., Little, T. D. e Salmivalli, C. (2013). Effects of the KiVa antibullying program on cyberbullying and cybervictimization frequency among Finnish youth. *Journal of Clinical Child and Adolescent Psychology, 42(6)*, 820-833.

World Health Organization [WHO] (2014). *Preventing suicide. A global imperative*. World Health Organization.

Zalsman, G., Hawton, K., Wasserman, D., van Heeringen, K., Arensman, E., … Zohar, J. (2016). Suicide prevention strategies revisited: 10-year systematic review. *Lancet. Psychiatry*, *3*(7), 646–659.

Capítulo 11
Como mellorar a accesibilidade e o tratamento dos trastornos mentais e do comportamento

11.1. A accesibilidade aos servizos de saúde mental
11.2. O necesario incremento dos profesionais e servizos de saúde mental
11.3. Os tratamentos en saúde mental son eficaces e custo-efectivos
11.4. A multidisciplinariedade, interdisciplinariedade e coordinación en saúde mental
11.5. Perspectiva de futuro desde a situación actual
Referencias

11.1. A accesibilidade aos servizos de saúde mental

Un aspecto central na atención sanitaria é que exista unha canle de acceso fácil á mesma. Hoxe isto non ocorre cando unha persoa ten un trastorno mental por todo o que levamos comentado anteriormente. Nembargantes, o dereito a unha atención accesible, adecuada e oportuna en saúde mental está recoñecido tanto na lexislación nacional como nas normas internacionais de dereitos humanos.

Ata o de agora, debido ás limitacións que ten o Sistema Nacional de Saúde (SNS) nos recursos que dedica á saúde mental, parte da problemática abórdase en atención primaria, de modo insuficiente, a pesar do enorme esforzo dos profesionais dese nivel asistencial. Así mesmo, moitas persoas recorren á sanidade privada, o que introduce desigualdades significativas en función da capacidade económica. Como exemplo, o informe do Instituto para o Desenvolvemento e Integración da Sanidade (IDIS, 2023) afirma que a sanidade privada en España cubre o 70% dos tratamentos dos problemas de saúde mental e da dependencia de drogas en hospitais privados, en contraposición ao 30% na pública; e no caso dos tratamentos en centros de saúde mental sen internamento, o 49% está en mans privadas fronte ao 51% en centros públicos. O informe tamén sinala que en 2020 rexistráronse 19.539 consultas de psiquiatría, das cales o 82% realizáronse en centros privados. Indican que hai rexistradas 593 unidades de psicoloxía clínica e psiquiatría en 832 hospitais do sistema sanitario, dos cales 311 pertencen a hospitais privados.

Si que se aprecia un cambio de paradigma no acceso aos servizo de saúde mental, que ten que operativizarse e non quedar só na teoría. Como exemplo, a Lei 6/2023 das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares da Rexión da Rioxa, indica no seu artigo 6, dedicado aos dereitos dos pacientes, que "todas as persoas con problemas de saúde mental teñen dereito a recibir unha atención integral e tratamento de calidade a través duns servizos adecuados de saúde mental ao longo de todo o proceso. O Goberno da Rioxa asegurará a dispoñibilidade, accesibilidade e aceptabilidade", ou o que indica no seu artigo 12, "o Goberno da Rioxa, no exercicio das súas competencias, velará pola garantía da igualdade no acceso ás prestacións e servizos de saúde mental", así como que "garantirá todos os recursos necesarios dispoñibles no ámbito comunitario para levar a cabo as funcións de prevención, promoción, rehabilitación e atención ás persoas con problemas de saúde mental a través dos equipos profesionais de saúde mental".

En Galicia, como no resto das Comunidades Autónomas, hai unha alta demanda de tratamento para os trastornos mentais e os profesionais son claramente insuficientes, o que se traduce en listas de sagarda prolongadas, queixas dos pacientes e unha frustración xeneralizada ao non recibir moitos a atención que necesitan. A realidade indícanos que a accesibilidade a un centro de saúde mental, e aos seus profesionais, non é fácil. Esta situación agrávase en zonas rurais e illadas, onde o acceso pode verse dificultado pola falta de transporte público, maiores distancias ou a ausencia de recursos especializados. Nestes contextos, a saúde mental dixital (telepsiquiatría, plataformas virtuais, atención telefónica) podería ser unha ferramenta complementaria importante, aínda que coa advertencia de non xerar unha nova fenda dixital que exclúa a persoas maiores ou sen competencias dixitais.

Como indica o informe do Consello de Contas de Galicia (2025) sobre a auditoría acerca da implantación do Plan de Saúde Mental Poscovid, para os exercicios 2020-2022, cuxas recomendacións indicamos na Táboa 11.1, existen dous aspectos nos que hai desigualdade no acceso aos servizos de saúde mental. O primeiro é a dificultade de acceso que teñen as persoas da terceira idade, recomendando que sexan máis accesibles as consultas para eles. O segundo, as desigualdades de recursos que se observan por

provincias, así como a mellor dotación de recursos nas áreas urbanas. Tamén recomendan desenvolver máis programas específicos para grupos vulnerables, sobre todo orientados ás persoas maiores, nenos e adolescentes. E contratar máis persoal dadas as limitacións existentes.

Táboa 11.1. Recomendacións do Consello de Contas de Galicia na avaliación do Programa de Saúde Mental Poscovid 2020-2022.

1. Ampliar a contratación de persoal especializado, especialmente naquelas áreas nas que se detectaron desequilibrios territoriais, para garantir que toda a cidadanía teña acceso a servizos adecuados.
2. Seguir impulsando cambios no modelo de atención, dando continuidade ás actuacións de implantación da psicoloxía clínica en atención primaria, así como impulsar aquelas medidas que, a pesar de estar cualificadas como prioritarias, aínda non foron implantadas como a hospitalización a domicilio en todas as áreas sanitarias.
3. Reducir a desigualdade no acceso aos servizos, promovendo a accesibilidade ás consultas, especialmente para o grupo de idade máis avanzada.
4. Ter en conta no deseño do PSMG as desigualdades que xeran iniquidade entre as áreas sanitarias e tamén nas zonas rurais, tanto na dotación de medios como nos programas implantados.
5. Integrar a perspectiva de xénero no deseño e execución dos proxectos.
6. Priorizar o desenvolvemento de programas específicos para os colectivos máis vulnerables, como persoas maiores, nenos e adolescentes, nos que se teña en conta as súas necesidades particulares e baixo un enfoque socioeconómico.
7. Seguir avanzando na cooperación interadministrativa entre o ámbito sanitario, educativo e social para lograr unha atención integral.
8. Incorporar na próxima elaboración do PSMG indicadores medibles en todos os programas. Estes indicadores deben avaliarse periodicamente para axustar as estratexias ás necesidades emerxentes.
9. Adoptar as medidas necesarias para garantir que os recursos económicos para a implantación do PSMG sexan suficientes e estean dispoñibles de maneira oportuna.
10. Establecer un sistema de seguimento forte a través da elaboración de informes periódicos de avaliación que permitan facer axustes baseados nos resultados conseguidos.
11. Publicar estes informes, para garantir a transparencia e permitir que a cidadanía coñeza o seu grao de execución.

Fonte: Consello de Contas de Galicia (2025, páx. 15-16).
PSMG = Plan de Saúde Mental de Galicia.

11.2. O necesario incremento dos profesionais e servizos de saúde mental

É evidente que o noso sistema sanitario pode mellorarse, incrementando o número de profesionais, o acceso aos tratamentos máis modernos e eficaces, e reducindo as listas de agarda actualmente existentes. Destes aspectos, o incremento do número de profesionais non só en saúde mental, senón en todas as especialidades da saúde, é un dos que máis se vén insistindo nos últimos anos ., Aquí ímonos a centrar na saúde mental, con algunhas notas sobre a atención primaria vinculada á atención aos trastornos mentais.

Os datos de que dispoñemos indícannos que tanto o número de psiquiatras, de psicólogos clínicos e de enfermería especialista en saúde mental son escasos, en comparación con países da nosa contorna. Nisto coinciden todos os informes, tanto

europeos, que analizan o conxunto da asistencia en varios países (ex., IDIS, 2023), como en distintos informes de profesionais ou asociacións que elaboraron informes sobre saúde mental (ex., SEPSM, 2024).

En España, o dato máis fiable que dispoñemos, indica que hai 7.732 psiquiatras, dos cales dous terzos traballan no Sistema Nacional de Saúde (SNS) (4.393) e o resto na sanidade privada. En Galicia habería 314 psiquiatras, dos cales 235 traballarían no SERGAS (SEPSM, 2024). A ratio para España sería de 9,4 psiquiatras por cada 100.000 habitantes, que en Galicia sería de 8,72, un pouco menos que a media nacional (ver Táboas 11.2 e 11.3).

Se facemos unha comparación internacional do número de psiquiatras, na estimación do IDIS (2023), utilizando os datos de Eurostats, é de 11,76 por 100.000 habitantes para España en 2019, mentres que para os países do norte de Europa está entre 20 e 25, en Francia 23 e en Alemaña chega a 28,2 e co nivel máis alto Suíza con 53.

Facemos notar que estes datos respecto ao número de psiquiatras no SNS son un pouco máis baixos que o indicado anteriormente, porque non todos traballan nel. Así, os datos indican que traballa no SNS un 9,6 por cada 100.000 habitantes, que en Galicia é dun 9,2 no devandito informe (IDIS, 2023).

En relación ao número de psicólogos clínicos, a pesar de que no ano 2020 había un total de 8.713, só unha pequena parte traballa no SNS. Así, no ano 2020 había 2.615 psicólogos clínicos traballando no SNS, cunha ratio de 3,54 por cada 100.000 habitantes, que en Galicia eran 95 (ratio de 3,52) (Duro, 2021). Isto significa que a gran maioría dos psicólogos clínicos fan o seu traballo na sanidade privada (ao redor do 70%) (ver Táboa 11.4). Ao anterior habería que engadir os psicólogos clínicos que traballan nos centros da rede de drogodependencias, e que na maioría dos casos non están computados porque non se lles considera do SNS aínda que os seus centros poden estar financiados ata o 100% polo Servizo de Saúde da súa Comunidade Autónoma. O mesmo ocorre cunha porcentaxe de psiquiatras que traballan na rede de drogas. En xeral, obsérvanse diferenzas en cantoao lugar preferente de traballo en psiquiatría e psicoloxía clínica, xa que psiquiatría chega ao 65% no SNS e psicoloxía clínica só ao 30%.

Datos máis actuais indican a maior introdución de psicólogos clínicos no SNS, como ocorre igualmente en Galicia, tal e como veremos posteriormente.

O incremento de psiquiatras e de psicólogos clínicos debe comportar un incremento en paralelo dos enfermeiros especialistas en saúde mental. E, igualmente, dado o papel do médico de atención primaria, é necesario que este dispoña de máis tempo para seguir a unha parte dos pacientes que teñen trastornos mentais. De aí tamén a necesidade de ir introducindo paulatinamente a psicólogos clínicos en atención primaria para descargar tanto aos médicos de atención primaria como para non taponar os servizos de saúde mental ante o incremento de demandas por problemas de saúde mental.

No campo da saúde mental hai relativo consenso de que débese incrementar o número de profesionais de saúde mental. Así, no Libro Branco da Saúde Mental da Sociedade Española de Psiquiatría e Saúde Mental (SEPSM, 2024) calcularon que o número ideal en España estaría de 13 a 15 psiquiatras por cada 100.000 habitantes. Actualmente hai 9,4 psiquiatras por cada 100.000 habitantes. Pasaría a 11,5 psiquiatras por cada 100.000 habitantes se se consideran os psiquiatras en formación (SEPSM, 2024). Apuntan, que hai que ter en conta as próximas xubilacións que se van a producir nos seguintes anos, no ano 2026 espérase a xubilación en España de 913 psiquiatras. Por comunidades autónomas, indican que en Galicia hai 8,72 psiquiatras por cada 100.000 habitantes, o que é baixo. As ratios máis altas están no País Vasco (15) Cataluña (13,5), Baleares (11,9), Principado de Asturias (11,6) e Navarra (11,3).

Desde a psicoloxía clínica levase anos insistindo na necesidade de chegar á 18 psicólogos clínicos por cada 100.000 habitantes no SNS. Actualmente, polas ratios existentes, a cifra aínda é baixa.

Debido á pandemia do covid-19, ás súas consecuencias e o claro aumento dos trastornos mentais, incrementouse o consenso de que o número de profesionais en saúde mental debe ampliarse. Isto está a ser considerado cada vez máis como necesario non só entre os profesionais, senón tamén entre os xestores sanitarios. Como exemplo, no Libro Branco da Psiquiatría en España faise eco nas súas páxinas da proposta da lei Xeral de Saúde Mental, que foi presentada no Congreso dos deputados o 12 de xaneiro de 2024, pero que segue en tramitación, a pesar do tempo que pasou. Nela indícase que se debía garantir unha ratio mínima de profesionais de Saúde Mental no sistema sanitario público de 18 psiquiatras, 18 psicólogos clínicos e 23 enfermeiros especialistas en saúde mental por cada 100.000 habitantes.

Tamén, a Lei 6/2023, das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias, da Comunidade da Rioxa, indica no seu artigo 14, dentro das ratios mínimas de profesionais da saúde mental que a consellería competente debe asegurar un mínimo de 18 psiquiatras, 18 psicólogos clínicos e 23 enfermeiros especialistas en saúde mental por cada 100.000 habitantes, ademais dun terapeuta ocupacional e un traballador social por cada unidade de saúde mental.

Por tanto, hai amplo consenso por parte dos profesionais da psiquiatría, da psicoloxía clínica e doutras profesións do campo da saúde mental, da necesidade de aumentar a ratio dos distintos profesionais da saúde mental. Un obxectivo a curto prazo é incrementar as ratios a un mínimo de 13-15 psiquiatras e psicólogos clínicos por cada 100.000 habitantes, co obxectivo de chegar, a medio ou a longo prazo, á ratio dos 18 por cada 100.000 habitantes. Igualmente, hai consenso, de que é necesario incrementar os profesionais de enfermería especialistas en saúde mental a unha ratio algo maior que a anterior, e introducir outros profesionais nos centros de saúde mental.

Nesta liña, en Galicia, dentro Plan de Saúde Mental de Galicia Poscovid-19, 2020-2024 (Xunta de Galicia, 2020), contratouse a distintos profesionais da saúde mental en todas as áreas sanitarias (ver Táboa 11.5). Isto axuda a mellorar os cocientes e, o máis importante, a mellorar a asistencia ás persoas que teñen trastornos mentais. Claramente, queda camiño por percorrer, pero vanse dando pasos neste senso. Ademais, en Galicia, creouse dentro da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, por primeira vez a Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, o que indica a maior priorización actual da saúde mental en Galicia. Ademais, dentro desta Subdirección, existe o Servizo de Atención á Saúde Mental e Integración Psicosocial en Trastorno Mental Grave.

Datos máis actuais, de 2025, a conta da contestación do SERGAS ao informe do Consello de Contas de Galicia (2025), indican que se fixeron case todas as contratacións previstas no Plan Poscovid. Así, pasouse de 187 a 240 psiquiatras, de 87 a 166 psicólogos clínicos, habendo tamén 182 enfermeiros especialistas en saúde mental. Ademais, indican como na Rede de Drogodependencias hai tamén psiquiatras, psicólogos clínicos, persoal de enfermería e outros profesionais, que non están computados nos anteriores. Por iso, pasando isto a ratios, estariamos actualmente en Galicia (onde somos 2,7 millóns de persoas) na rede do SERGAS cunha ratio de 8,9 psiquiatras, 6,1 psicólogos clínicos e 6,7 enfermeiros especialistas en saúde mental por cada 100.000 habitantes. É destacable que na devandita contestación se indica que para o período 2025-2028 crearase a Rede de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria, para incorporar psicólogos clínicos en todas as áreas sanitarias, sobre todo nos centros sanitarios máis grandes e con máis pacientes. Isto facilitará mellorar a ratio de psicólogos clínicos, así como mellorar a atención dos psicólogos clínicos en atención primaria.

Se se computa tamén aos profesionais da Rede de Drogodependencias de Galicia, a cal está financiada ao 100% pola Consellería de Sanidade cando se trata de Asociacións, e dun 30% no caso dos dependentes dos Concellos, entón a ratio en Galicia é de 9,7 psiquiatras, 7,4 psicólogos clínicos e 6,7 enfermeiros especialistas en saúde mental por cada 100.000 habitantes. A iso hai que engadir a previsión de contratar para a Rede de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria de entre 35 e 50 psicólogos clínicos no período 2025-2028, co que a cifra de psicólogos clínicos achegarase a uns 9 por cada 100.000 habitantes (Táboa 11.6). Por tanto, avanzouse, vaise na dirección correcta, pero precísase avanzar máis a nivel de recursos profesionais.

En paralelo ao incremento dos profesionais de saúde mental deben incrementarse os dispositivos asistenciais, e crear novas unidades e programas que faciliten a mellora da asistencia. Realmente, o cumprimento dos plans aprobados para a saúde mental, tanto a nivel nacional como autonómico, son pasos importantes para lograr unha clara melloría na asistencia aos pacientes con trastornos mentais. Só falta que o que está no papel se pase á práctica.

Táboa 11.2. Emprego público de médicos especialistas en Psiquiatría e en Medicina Familiar e Comunitaria en España e Galicia, no Sistema Nacional de Saúde.

	Número de profesionais		*Ratio por 100.000 habitantes*	
Especialidade	España	Galicia	España	Galicia
Psiquiatría	4.516	248	9,59	9,20
Psiquiatría Infantil	91	0	1,32	0
Medicina Familiar e Comunitaria (Atención Primaria)	34.830	2.461	73,99	91,2
Medicina Familiar e Comunitaria (Atención Especializada)	6.831	50	14,51	1,9

Fonte: Barber e González (2024).

Táboa 11.3. Número de psiquiatras e ratio en España e Galicia segundo o Libro Branco da Psiquiatría en España (SEPSM, 2024).

	Sanidade pública	*Ratio por 100.000 habitantes*	*Sanidade privada*	*Número total de Psiquiatras*
España	4.393 (65% do total)	9,40	2.339 (35% do total)	6.732
Galicia	235 (75% do total)	8,72	79 (25% do total)	314

Nota: datos baseados no Informe do SEPSM (2024) e da Organización Médica Colexial e Asociación Española de Psiquiatría Privada.

Táboa 11.4. Número de Psicólogos especialistas en Psicoloxía Clínica en España e emprego público dos mesmos no Sistema Nacional de Saúde en España e en Galicia, ano 2020.

	Traballando no Sistema Nacional de Saúde			
Total Psicólogos Clínicos	*Número de profesionais*		*Ratio por 100.000 habitantes*	
España	España	Galicia	España	Galicia
8.713	2.615	95	3,54	3,52

Fonte: Duro (2021) e Fernández-García (2021).
Nota: Habería que engadir á cifra total anterior outros 200 psicólogos que traballaban no Sistema Nacional de Saúde sen titulación oficial de especialistas (os "PESTOS"). Igualmente, habería que considerar que a maioría dos psicólogos clínicos e psiquiatras da rede de drogodependencias non computan como traballadores do Sistema Nacional de Saúde, pero os seus centros están financiados ao 100%, ou preto do 100%, polos servizos de saúde das Comunidades Autónomas, e o 30% no caso dos Concellos.
Actualmente (2025), a ratio real de psicólogos clínicos no SNS é maior que a indicada neste estudo.

Táboa 11.5. Previsión de incorporación de profesionais de saúde mental en Galicia no Plan de Saúde Mental de Galicia Poscovid-19, 2020-2024 (Xunta de Galicia, 2020).

Profesional	*Total*
Psiquiatría	54
Psicoloxía Clínica	45
Enfermeiro especialista en Saúde Mental	66
Terapeuta Ocupacional	5
Técnicos en coidados auxiliares de enfermería	42
Traballador Social	29
TOTAL	241

Nota: Tamén está previsto que entre o ano 2025 e 2027 se incorporen á rede de saúde mental entre 35 e 50 psicólogos clínicos para os centros de atención primaria.

Táboa 11.6. Ratios de psiquiatras, psicólogos clínicos e enfermeiros especialistas en saúde mental en Galicia na rede do SERGAS por 100.000 habitantes e profesionais sanitarios da Rede de Drogodependencias de Galicia(PGSD) na actualidade (ano 2025).

	Servizo Galego de Saúde, SERGAS		*Rede de Drogodependencias de Galicia (PGSD)*		*Total (SERGAS + PGSD)*	
Profesional sanitario	*Número de profesionais*	*Ratio de profesionais por cada 100.000 habitantes*	*Número de profesionais*	*Ratio de profesionais por cada 100.000 habitantes*	*Número de profesionais*	*Ratio de profesionais por cada 100.000 habitantes*
